

CONVOCATORIA DE MATRÍCULA
EN ESTUDOS DE POSGRAO
CURSO 2026/2027

RESOLUCIÓN REITORAL DE 6 DE MARZO DE 2026 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE MATRÍCULA PARA ESTUDOS OFICIAIS DE POSGRAO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO ACADÉMICO 2026/2027

En cumprimento do establecido nos Estatutos da Universidade de Vigo (DOG de 22 de febreiro de 2019), no Regulamento de Estudos de Mestrado Universitario (aprobado polo Consello de Goberno na súa reunión do 26 de maio de 2025), no Regulamento de Estudos de Doutoramento (aprobado polo Consello de Goberno na súa reunión do 20 de xullo de 2024), nos calendarios de matrícula (aprobados pola Comisión de Organización Académica e Profesorado na súa reunión do 23 de febreiro, para estudos de máster, e pola Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento na súa reunión do 22 de febreiro de 2026) e na Normativa de permanencia e progreso (DOG do 8 de xullo de 2024), na Normativa de simultaneidade de estudos e na Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos, esta Reitoría resolve publicar a convocatoria de matrícula nos estudos oficiais conducentes aos títulos de Máster Universitario e de Doutor/Doutora para o curso académico 2026/2027, conforme ás seguintes normas, estruturadas en tres capítulos: I) matrícula en másteres universitarios; II) matrícula en estudos de doutoramento; e III) normas comúns á matrícula nos estudos de posgrao.

CAPÍTULO I: Matrícula en Másteres Universitarios

I.1 Alumnado de novo ingreso

I.1.1 Requisitos de acceso

Para o acceso aos estudos oficiais de Máster Universitario as e os aspirantes deberán reunir algún dos seguintes requisitos:

- a) A posesión dun título universitario oficial de Graduada ou Graduado español ou equivalente é condición para acceder a un Máster Universitario, ou no seu caso, dispor doutro título de Máster Universitario, ou títulos do mesmo nivel que o título español de Grao ou Máster expedidos por universidades e institucións de educación superior dun país do EEES que en dito país permita o acceso aos estudos de Máster.
- b) De igual modo, poderán acceder a un Máster Universitario do sistema universitario español persoas en posesión de títulos procedentes de

sistemas educativos que non formen parte do EEES, equivalentes ao título de Grao, sen necesidade de homologación do título, pero sí de comprobación por parte da universidade do nivel de formación que implican, sempre e cando no país onde se expedira dito título permita acceder a estudos de nivel de posgrao universitario. En ningún caso o acceso por esta vía implicará a homologación do título previo do que dispoña a persoa interesada nin o seu recoñecemento a outros efectos que o de realizar os estudos de Máster.

Neste caso as persoas aspirantes deberán presentar a correspondente [solicitud de equivalencia](#) do título no momento de formalizar a matrícula, xunto co resto da documentación requirida para efectuar dita matrícula. Así mesmo, neste momento deberá proceder ao pagamento dos prezos públicos establecidos, tras o que se emitirá a correspondente resolución reitoral de equivalencia.

A resolución que desestime a equivalencia dos estudos estranxeiros cursados a efectos do ingreso nos estudos de posgrao, implicará a anulación de cantos actos se deriven da matrícula.

I.1.2 Requisitos de admisión

I.1.2.1 Admisión

Os requisitos e criterios de valoración establecidos por cada título figuran no [anexo III](#) de este documento.

Pode haber candidatos/as que resulten excluídos/as por non cumprir os requisitos de admisión ou porque se superou o límite de prazas establecido para esa titulación e, consonte aos criterios de valoración establecidos no [anexo III](#) non acadaron praza, ou ben porque da revisión da documentación se deriva a falta de acreditación dos méritos ou requisitos alegados.

En determinadas titulacións que se especifican no [anexo III](#) é preciso superar, con carácter previo á matrícula nas materias do título, ben unha proba de acceso, nas condicións que se establecen, ou ben superar créditos de nivelación dependendo da titulación de procedencia.

A Comisión Académica do Máster poderá solicitar a documentación acreditativa dos méritos alegados no Curriculum Vitae, que deberá achegarse nun prazo non superior a dez días, quedando a confirmación da matrícula condicionada á súa recepción nese prazo pola área de posgrao de adscrición do máster.

I.1.2.2 Acreditación de competencia lingüística en español.

O estudiantado de países con idioma oficial distinto do español debe estar en condicións de seguir con normalidade as actividades docentes e aproveitar adecuadamente a docencia recibida, sendo requisito que posúan, como mínimo, un nivel B1 de español para poder preinscribirse nos másteres

oficiais da Universidade de Vigo. Excepciónase desta esixencia ao estudiantado que tivese como lingua oficial o portugués, pola afinidade entre linguas.

Se na memoria de verificación dun máster se establecese un nivel superior de competencia en lingua española para acceder ao mesmo, deberá acreditarse dito nivel. Esta información quedará reflectida no Anexo III.

Esta esixencia non será de aplicación nos másteres con docencia impartida integramente en inglés.

Os/as solicitantes de países con lingua oficial distinta do español ou portugués deberán presentar, xunto coa solicitude, algún dos documentos establecidos no [Anexo XVI](#).

De non posuír certificación segundo o disposto no parágrafo anterior, os solicitantes poderán realizar unha proba de competencia lingüística non presencial organizada polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo. A proba realizarase para os únicos efectos de acceso a másteres da Universidade de Vigo e estará suxeita ás tarifas especificadas en dito centro. Os interesados poden consultar a información no Centro de Linguas (<https://cdl.uvigo.es/>) a partir do 9 de abril.

Os/as estudantes que superen a proba deberán matricularse no máster, **entre o 26 e o 28 de maio de 2026**. Dita matrícula terá carácter provisorio e deberá confirmarse realizando o pagamento íntegro da mesma no prazo de 30 días. De non cumprir este requisito entenderase que a persoa interesada renuncia á súa praza a a matrícula quedará anulada de oficio.

I.1.3 Preinscrición

I.1.3.1 Procedemento

As e os aspirantes deberán realizar a preinscrición vía telemática nos prazos establecidos no calendario ([anexo I](#)) na dirección de Internet <https://www.uvigo.gal/es/estudiar/gestiones-estudiantes/matriculate/matricula-masteres>

De conformidade co calendario ([anexo I](#)) establecido, unha vez finalizado o primeiro prazo de matrícula, se quedaren prazas vacantes, abriríase un segundo prazo de matrícula que se rexerá polos mesmos principios e condicións que o primeiro.

Con carácter extraordinario, as Comisións Académicas de cada máster poderán solicitar un terceiro prazo, en función da valoración do número de prazas xa adxudicadas para cada cota, nos dous prazos ordinarios anteriores.

O alumnado poderá preinscribirse nun máximo de 4 másteres da Universidade de Vigo por curso académico.

I.1.3.2 Documentación

A documentación solicitada por cada título figura no [anexo III](#) deste documento. A área de posgrao do centro de adscrición do máster comprobará a documentación presentada para garantir o cumprimento dos requisitos de acceso a un máster universitario. Ditos requisitos deben cumprirse na data de remate do prazo de preinscrición establecido, excepto no caso de solicitudes autorizadas á matrícula fora de prazo en másteres que, rematados os procesos oficiais de preinscrición e matrícula, aínda teñan prazas vacantes. Nese caso deberán reunir os requisitos no momento de formalizar a solicitude.

Excepcionalmente, poderase solicitar a admisión nun máster aportando a certificación de que vai realizar, ou ten realizada, a defensa do TFG, e entregando a certificación de ter superado o TFG no período de reclamación á lista provisional, sempre que o autorice previamente a Comisión Académica do Máster, e queden prazas vacantes en dito listado provisional. A petición da Comisión Académica do Máster, no primeiro período ordinario de preinscrición e matrícula, poderá alongarse o período para certificar a obtención do título ata o remate do prazo de matrícula.

Na solicitude o alumnado deberá incluír un enderezo de correo electrónico, que será o medio preferente utilizado pola universidade para enviar as comunicacións e notificacións que se derivaren deste proceso. De non ser posible a comunicación por este medio, farase a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica.

I.1.3.2.1 Alumnado da Universidade de Vigo

O alumnado titulado da Universidade de Vigo, achegará o curriculum vitae, ou calquera outra documentación específica cando o máster así o requira, pero non terá que entregar nin certificado académico nin título.

I.1.3.2.2 Alumnado doutras Universidades españolas e do EEES

Para o alumnado doutras Universidades españolas ou de Universidades do EEES, a documentación dixitalizada, será engadida a través da secretaría virtual, dentro do prazo de preinscrición establecido.

A documentación que deberán presentar é a seguinte:

- a) Copia do DNI ou pasaporte
- b) Certificación académica, con expresión da nota media do expediente calculada, sempre que sexa posible, de acordo co establecido no Real Decreto 1125/2003 e no protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería de Ordenación Universitaria e as universidades galegas para a valoración dos expedientes académicos, resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría xeral técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. De non reflectirse na certificación dita nota media, o alumnado con titulación doutro país do EEES, deberá presentar, xunto coa certificación

académica, unha declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, obtida a través do procedemento *online* establecido polo Ministerio de Universidades no seguinte enderezo web:

https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Equivalencia_notas_medias

c) Título de acceso.

Non obstante a documentación, poderá presentarse de acordo co disposto no [Capítulo III.2](#) desta convocatoria.

O alumnado con titulacións de acceso non españolas, anteriores á implantación do EEES deberán presentar solicitude de equivalencia, e aboar os prezos públicos correspondentes.

I.1.3.3 Alumnado estranxeiro

O alumnado que posúa un título expedido por un sistema universitario estranxeiro, alleo ao EEES, e sen homologación, deberá realizar igualmente os procesos de preinscrición e matrícula nos prazos establecidos no calendario ([anexo I](#)).

Así mesmo deberán presentar, ademais da establecida no apartado anterior, a seguinte documentación dixitalizada a través da secretaría virtual ou dalgún dos Rexistros Oficiais da Universidade de Vigo, dentro do prazo de preinscrición establecido:

- a) Solicitude de equivalencia do título ([anexo VI](#))
- b) Copia do DNI ou Pasaporte
- c) Declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, obtida a través do procedemento online establecido polo MICIU no seguinte enderezo web:

https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Equivalencia_notas_medias

d) Plano de estudos

No caso de que a Comisión Académica así o determine, poderá solicitar os programas das diferentes materias para os efectos de comprobar os seus contidos e carga lectiva.

En calquera caso, a copia debidamente legalizada e/ou traducida da documentación deberá entregarse nas áreas académicas de adscrición dos estudos de posgraao antes do 21 de outubro de 2026.

O alumnado deberá aboar os prezos públicos establecidos para a tramitación da súa solicitude de equivalencia e realizar a matrícula nos prazos que, con carácter xeral, se determinan nesta convocatoria de matrícula.

O título universitario estranxeiro e a certificación académica dos estudos universitarios cursados conducentes ao título presentado deben estar legalizados por vía diplomática nas embaixadas ou consulados de España; os documentos cuñados coa “apostilla” (Convención da Haya) non precisan outra legalización diplomática ou consular. Estes requisitos non se esixirán para os documentos expedidos polas autoridades de estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

O alumnado que posúa documentación nun idioma distinto do galego ou castelán, tanto de países pertencentes ao EEES como de países alleos ao mesmo, deberá acompañala da correspondente tradución xurada. No caso concreto da certificación, a mesma indicará, así mesmo, as cualificacións máxima e mínima do sistema de avaliación correspondente e farase constar cal é a cualificación mínima para aprobar.

No [anexo XIV](#) establécese o procedemento para solicitudes de admisión no curso 2027/2028 daqueles alumnos estranxeiros que teñan necesidade de obter un documento de admisión nun máster ou programa de doutoramento para xestionar determinados tipos de bolsa, visados, disposición de divisas ou calquera outro trámite administrativo no seu país de orixe que requira este documento.

I.1.3.4 Cota de alumnado con discapacidade

Establécese para todos os másteres unha cota do 5% das prazas para os e as estudantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, e reúnan os requisitos de acceso e admisión establecidos para cada máster. Os criterios de adxudicación serán os establecidos con carácter xeral para cada máster, e en ausencia dos mesmos o criterio será a nota obtida nos estudos que lles dean acceso. As prazas obxecto de reserva que queden por cubrir, despois do último prazo, acumularanse ás ofertadas polo réxime xeral.

- O alumnado que queira acceder por esta cota deberá realizar a preinscrición nos prazos establecidos, e indicará na mesma a condición de discapacitado. Deberá entregar na área académica de posgrao de adscrición do máster a seguinte documentación, ademais da que lle correspondera para a realización da súa matrícula: Copia do xustificante oficial que acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Co fin de dispoñer dos datos necesarios para dar apoio e facilitar os servizos e recursos específicos aportará o impreso PIUNE que pode atopar no apartado de matrícula na web <https://www.uvigo.gal/ven-uvigo/estudiantado-posgrao>

I.1.4 Matrícula

I.1.4.1 Condicións xerais

A falsidade ou inexactitude dos datos académicos ou dos méritos declarados dará lugar á anulación dos actos derivados e á exclusión da e do solicitante no procedemento de adxudicación de prazas.

A documentación compulsada deberá presentarse na área de posgrao de adscrición do máster ([anexo II](#)) desde a formalización da matrícula ata os 10 días- seguintes ao remate de cada período de matrícula dos establecidos no calendario ([anexo I](#)), salvo que xa fora presentada na fase de preinscrición. De non presentar a documentación requirida nesta convocatoria nos prazos sinalados procederase a iniciar os trámites para o arquivo da matrícula realizada.

Así mesmo o alumnado solicitante de exención de prezos públicos deberá presentar o correspondente xustificante na área académica de posgrao de adscrición do título (ver anexo II) consonte o establecido na Resolución Reitoral sobre prezos públicos para o curso 2026/2027. De non facelo así a área de posgrao eliminará a exención da matrícula e emitirá a carta de pagamento dos prezos públicos completos que lle correspondan.

Estas normas son de aplicación xeral excepto no caso de títulos interuniversitarios, nos que por motivos de coordinación co resto das universidades participantes, sexa necesario ditar normas adicionais específicas.

No caso de títulos interuniversitarios, o alumnado poderá solicitar algunha das prazas ofertadas de xeito independente en cada unha das universidades participantes no título, debendo optar por unha delas no momento de formalizar a matrícula.

Salvo que a Comisión Académica do Máster estableza o contrario, en caso de que non se cubran as prazas das diferentes cotas establecidas en réxime de matrícula ordinaria de cada título, estas prazas poderán ser asignadas a solicitantes doutras cotas.

Para evitar problemas á hora de realizar as prácticas curriculares, é obrigatorio informar o NUSS para formalizar a matrícula.

I.1.4.2 Alumnas e alumnos de Programas Interuniversitarios

Formalizarán a matrícula mediante os procedementos, normas de liquidación de prezos e prazos establecidos pola universidade na que se matriculen. A matrícula será única e comprenderá todas as materias que solicite cursar o alumnado nas distintas institucións.

I.1.4.3 Confirmación de Matrícula

A implantación dos estudos de máster universitario está condicionada á confirmación da autorización por parte do Consello de Universidades e da

Xunta de Galicia, así como a acadar o número mínimo establecido de alumnado matriculado. Se se compren estas condicións, a matrícula confirmarase sempre que haxa menos ou tantas solicitudes admitidas que prazas se estableceran para cada cota, ou habendo máis solicitudes, cando o expediente do estudante ocupe un posto igual ou inferior ao número de prazas, de acordo coa priorización establecida no [anexo III](#) para cada máster. O alumnado ao que a súa matrícula non lle poida ser confirmada por estes motivos terá dereito á devolución dos prezos públicos correspondentes que realmente tivera aboado.

Se, como resultado da revisión da documentación presentada para realizar a matrícula, se detectase que se carece do requisito de acceso á titulación, a matrícula será revocada.

I.1.4.4 Procedemento de adxudicación de prazas

I.1.4.4.1 1º prazo de preinscrición

O alumnado preinscribírase a través da plataforma informática, nas datas indicadas como prazo de preinscrición. Dentro dese mesmo prazo subirá a documentación necesaria, a través da secretaría virtual.

A Comisión Académica do Máster valorará as solicitudes presentadas segundo os criterios de admisión establecidos no [anexo III](#) e fará pública a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas [O estado que corresponde na nova aplicación SIGMA é “admitido”].

Unha vez finalizado o prazo de reclamacións, a Comisión Académica do Máster trasladará a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas [O estado que corresponde na nova aplicación SIGMA é “concedido o acceso”], á área de posgrao de adscrición do máster, indicando as persoas autorizadas a matricularse e as que quedan en listaxe de agarda. Tamén se indicarán os complementos de formación, ou materias específicas, que debe cursar o alumnado, no seu caso. Nesta listaxe definitiva deberá incorporarse o alumnado estranxeiro que fora preadmitido no prazo extraordinario convocado no [anexo XIV](#) da convocatoria de matrícula do curso 2025/2026, aos efectos de facilitar a tramitación de bolsas e visados, sempre que consonte aos criterios de valoración establecidos no [anexo III](#) acadaran praza e realizasen a preinscrición en prazo.

A área de posgrao trasladará á plataforma informática a autorización do alumnado convocado a matrícula e publicará as listaxes definitivas no taboleiro de anuncios da sede electrónica e/ou na páxina web do centro de adscrición.

I.1.4.4.2 2º prazo

De quedaren prazas vacantes ao remate do 1º prazo, abrirase un 2º período seguindo o mesmo procedemento, para completar todas as prazas convocadas.

1.1.4.4.3 3º prazo

Este prazo habilitarase soamente a solicitude da Comisión Académica de cada máster, en función da valoración das prazas cubertas nos dous prazos anteriores. A solicitude realizarase ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao ata as 14'00 horas do 17 de setembro de 2026.

O procedemento será o mesmo que o establecido para o 1º prazo.

1.1.4.4.4 Confirmación de matrícula

Unha vez publicada a listaxe definitiva, o alumnado autorizado a matricularse disporá do prazo establecido no calendario ([anexo I](#)) para confirmar a súa matrícula definitiva no mesmo enderezo electrónico que empregou na preinscrición (<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/gestiones-estudiantes/matriculate/matricula-masters>), e disporá do prazo establecido para cada modalidade de pagamento para facer efectivo o mesmo. De non facelo así entenderase que desiste do seu dereito á matrícula e será convocada a seguinte persoa admitida da listaxe de agarda que disporá dun prazo máximo de tres días naturais para confirmar a súa matrícula.

O alumnado admitido en máis dun máster terá que decidirse por un deles no proceso de matrícula definitiva consonte á súa prioridade no proceso de preinscrición e a aplicación informática eliminarao nos outros estudos nos que se preinscribiu.

Naqueles casos nos que o proceso de admisión fora atribuído ás áreas de posgrao de adscrición do máster, estas substituirán á Comisión Académica do Máster nas actuacións atribuídas a ésta en dito proceso.

1.1.4.4.5 Prazos en másteres interuniversitarios

O alumnado que solicite a admisión en másteres interuniversitarios nos que permanezan abertos prazos de preinscrición noutra das universidades participantes do SUG, unha vez pechados os prazos na Universidade de Vigo, poderán realizar excepcionalmente a súa solicitude na Universidade de Vigo fóra dos prazos indicados.

1.1.4.4.6 Prazo para o MU en Profesorado

Establécese un prazo especial de preinscrición para o MU en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas entre o 1 e o 30 de xuño. O resto de prazos para este alumnado (listado provisional, prazo de reclamacións, listado definitivo e matrícula) será o establecido para o primeiro prazo ordinario.

1.1.4.4.7 Prazo para alumnado estranxeiro

Establécese un prazo de preinscrición específico para alumnado con titulación de acceso de países de fóra do EEES, entre o 11 de marzo e o

8 de abril. Este alumnado cubrirá os cupos para estranxeiros establecidos para cada máster.

A matrícula realizarase **entre o 6 e o 8 de maio**. No caso de persoas que teñan que realizar a proba de idioma español organizada polo Centro de Linguas, establecido no apartado I.1.2.2., o prazo será **do 26 ao 28 de maio**. En calquera destes dous períodos, a matrícula terá carácter provisional. Para que pase a ser definitiva, será necesario aboar o importe íntegro no prazo máximo de 30 días. De non realizarse o pagamento dentro dese tempo, entenderase que a persoa interesada renuncia á súa praza e a matrícula quedará anulada de oficio.

Os/as estudantes que se presenten a este prazo e non obteñan praza poderán solicitar a súa incorporación ao prazo de preinscrición entre o 22 de xuño e o 6 de xullo, cubrindo e presentando o formulario que poderá atopar no seguinte enderezo, antes da finalización de dito prazo:

<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/gestiones-estudiantes/matriculate/matricula-masteres>

I.1.5 Alumnas e alumnos estranxeiros de programas de intercambio

- Os e as estudantes estranxeiras de programas de intercambio terán dereito ao seguimento e certificación daquelas materias que figuren no seu contrato de estudos de intercambio, pero non á obtención do título do máster ou programa de doutoramento no que desenvolvan o seu programa de intercambio

I.2 Formalización da matrícula de continuación de estudos

O alumnado que continua estudos deberá formalizar a matrícula vía telemática nos prazos establecidos no calendario ([anexo I](#)) na dirección de Internet <https://www.uvigo.gal/es/estudiar/gestiones-estudiantes/matriculate/matricula-masteres>.

Así mesmo, deberá presentar a seguinte documentación a través da secretaría virtual, nun prazo máximo de dez días desde o último día de formalización de matrícula establecido no calendario oficial:

- Xustificante da exención de prezos públicos, se fora o caso.

A documentación, poderá presentarse de acordo co disposto no Capítulo III.2.

Para evitar problemas á hora de realizar as prácticas curriculares, é obrigatorio informar o NUSS para formalizar a matrícula.

I.2.1 Convocatorias adiantadas

Establécese un procedemento e un calendario para solicitar adianto excepcional de convocatoria para alumnado que desexa rematar estudos de xeito anticipado para másteres que rematan estudos no segundo cuatrimestre (60 e 120 ECTS). Este procedemento non atinxe a estudantes que teñan

pendente soamente o TFM, que estarán ao disposto no calendario dos seus respectivos centros.

Cada máster preverá unha convocatoria para a lectura do TFM ao remate do proceso de avaliación das outras materias pendentes, co fin de garantir que o adianto de convocatoria sexa efectivo.

I.2.1.1 Requisitos.

Que teña pendentes ata un máximo de 12 ECTS e para un máximo de 2 materias, asignadas no plan de estudos ao 2º cuatrimestre, excluindo o TFM. No caso de que tamén lle quede algunha/s asignatura/s pendente/s do 1º cuatrimestre o máximo elevarase a 18 ECTS e tres materias, computando as do 1º cuatrimestre, pero excluindo o TFM.

A superación do conxunto das materias para as que se solicita adianto de exame mais o TFM implicará o remate dos estudos precisos para titularse.

I.2.1.2 Procedemento:

I.2.1.2.1 Solicitudes

Presentaranse na área de posgrao na que se xestione o expediente do alumnado. Desde aquí daráselle traslado á Comisión Académica do Máster, que valorará a posibilidade do adianto de convocatoria.

I.2.1.2.2 Listas provisionais e reclamacións.

A CAM publicará un listado provisional de materias susceptibles de adiantar e o alumnado autorizado a presentarse a cada unha delas, así como as materias e estudantes non autorizados, motivando as causas da denegación. O alumnado afectado poderá reclamar este acordo.

I.2.1.2.3 Listaxes definitivas e datas de avaliación.

A Comisión Académica publicará as listaxes definitivas, nos mesmos termos que as provisionais, indicando ademais as datas previstas para exame. De dito acordo achegara copia electrónica á correspondente Área Académica de Posgrao para xestionar a implementación das actas correspondentes.

I.2.1.3 Cómputo de convocatorias

O alumnado que non supere materias adiantadas do segundo cuatrimestre, só poderá presentarse aos exames previstos para xullo no calendario escolar para o curso 2026/2027, aprobado polo Consello de Goberno.

I.2.1.4 Calendario

| Trámite | Datas límite |
|-----------------------|------------------------|
| Prazo de solicitudes | 31 de outubro de 2026 |
| Traslado á CAM | 6 de novembro de 2026 |
| Listaxes provisionais | 13 de novembro de 2026 |
| Reclamacións | 27 de novembro de 2026 |

| | |
|---------------------------|------------------------------|
| Listaxes definitivas | 11 de decembro de 2026 |
| Prazo de entrega de actas | Ata o 12 de febreiro de 2027 |

I.3 Formalización de matrícula no segundo cuadrimestre

I.3.1 Inicio de estudos

Establécese un prazo para o segundo cuadrimestre no calendario ([anexo I](#)) para matricularse nos másteres con matrícula a tempo parcial que soliciten expresamente a apertura de dito prazo, **ata o 29 de xaneiro de 2027**, sempre que queden prazas vacantes e en materias que só se imparten no segundo cuadrimestre, exceptuándose as materias que constitúan o proxecto ou Traballo Fin de Máster.

O alumnado que inicie estudos deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos nesta resolución.

I.3.2 Matrícula de continuación de estudos

O alumnado de continuación de estudos ao que unicamente lle resten materias do segundo cuadrimestre para rematar os seus estudos de máster, poderá matricularse neste período axustándose aos requisitos de permanencia.

Só poderá matricularse do Traballo Fin de Máster o alumnado que teña todas as demais materias necesarias para a obtención do título superadas ou matriculadas.

I.4 Formalización de matrícula condicionada á obtención da titulación de grao

I.4.1 Obxecto e ámbito de aplicación

1. O obxecto deste apartado é regular o procedemento para a matrícula condicionada nos estudos de mestrado da Universidade de Vigo (UVigo), de conformidade co artigo 18.4 do RD 822/2021, do 28 de setembro de 2021, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

2. Garantirase a prioridade na matrícula do estudantado que dispoña do título universitario oficial de grao. Para tal fin, as solicitudes de matrícula condicionada só se poderán realizar no 3º prazo do calendario, naqueles másteres que o soliciten.

3. Só se permitirá a matrícula condicionada nas titulacións de mestrado nas que a súa comisión académica así o decida, e indicarse expresamente no momento en que se solicita o terceiro prazo de matrícula.

Excepcionalmente, a Comisión Académica do Máster poderá solicitar, de forma motivada, a aplicación deste tipo de matrícula no 2º prazo, condicionado a que non se oferte matrícula no 3º prazo.

I.4.2 Requisitos dos e das solicitantes

1. Poderán solicitar a matrícula condicionada a un mestrado universitario da Universidade de Vigo as e os estudantes que, no momento de preinscribirse, cumpran calquera destes dous requisitos:

a) Só teñan pendente a acreditación do nivel de idioma estranxeiro segundo a normativa de acreditación do coñecemento dunha lingua estranxeira para obter o título de grao da Universidade de Vigo.

b) Réstelles por superar o TFG e, como máximo, outros nove créditos ECTS. Para os efectos dos devanditos nove créditos, computaranse os créditos pendentes de recoñecemento ou transferencia no título de grao, no momento da preinscrición.

2. Quedan excluídas as solicitudes que acrediten títulos universitarios alleos ao sistema universitario español non finalizados na súa totalidade.

I.4.3 Resolución das persoas admitidas

1. Unha vez resoltas as solicitudes de admisión ao mestrado dos e das estudantes que acrediten estar en posesión dun título de grao por parte da comisión académica de mestrado, e sempre que queden prazas libres na correspondente titulación, a devandita comisión valorará o perfil de admisión dos e das estudantes de matrícula condicionada, de acordo coa seguinte orde de prelación:

a) Criterios específicos relativos ao perfil de ingreso de cada mestrado definidos na súa memoria verificada e outros criterios específicos aprobados pola comisión académica de mestrado.

b) Estudantes que unicamente teñan pendente a acreditación do nivel de idioma estranxeiro para obter o título de grao.

c) Estudantes pendentes de superar o TFG. No caso de igualdade, terase en conta a nota media obtida no resto das materias superadas do grao.

d) Estudantado que, ademais do TFG, teña créditos pendentes. Nese caso, priorizarase a admisión dos e das estudantes que menos créditos pendentes teñan. No caso de igualdade, terase en conta a nota media dos créditos superados.

1. Unha vez admitido no mestrado solicitado, cada estudante que cumpra coas condicións requiridas para acceder a partir do procedemento de «matrícula condicionada» deberá realizar o proceso ordinario de matriculación habilitado nos mestrados oficiais.

2. Deberase fixar un prazo de reclamacións e, unha vez transcorrido este, publicarase a relación definitiva de estudantes admitidos no mestrado. Contra a resolución de admisión definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada ante o reitor no prazo dun mes contado desde o día seguinte á data de publicación da relación definitiva.

I.4.4 Efectos da matrícula condicionada

1. A formalización da matrícula condicionada realizarase no 3º prazo de matrícula, coa salvedade establecida no apartado I.4.1.3.
2. O estudantado que realice a matrícula condicionada nun título do mestrado estará rexido polas mesmas normas que os e as estudantes con matrícula ordinaria. Con todo, ata que non regularicen a súa matrícula, terán as seguintes restricións:
 - a) En ningún caso se poderá obter o título de mestrado se previamente non se obtivo o título de grao.
 - b) O pagamento das taxas administrativas e académicas xeradas pola matrícula condicionada efectuarase da mesma forma que a establecida para a matrícula ordinaria, tal e como se indica no Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos universitarios, da comunidade autónoma de Galicia, para o curso académico no que se efectúe a matrícula condicionada.
 - c) Cada estudante poderá solicitar a documentación acreditativa de estudos con matrícula condicionada, durante o período en que permanece nesa situación, e quedara constancia diso no seu expediente académico.
 - d) A obtención do título de grao será un requisito necesario para poder matricularse na materia Tráballo fin de mestrado.

I.5 Tipos de matrícula e condicións xerais

I.5.1 Matrícula a tempo completo

Quen opte pola matrícula a tempo completo deberá matricularse de 48 a 60 ECTS por curso académico, salvo que para rematar os seus estudos lle faltaran menos de 48 ECTS, ou que a propia distribución temporal dos estudos obrigue a matriculas dun número diferente de créditos.

Quen solicite matrícula en réxime de tempo completo ten preferencia sobre os que soliciten matrícula en réxime de tempo parcial.

I.5.2 Matrícula a tempo parcial

I.5.2.1 Definición:

A matrícula a tempo parcial é unha opción de cada título de Máster Universitario ([anexo III](#)). Se o título permite a opción de matrícula a tempo parcial, as e os aspirantes que optaren por esta modalidade deberán matricularse dun mínimo de 18 ECTS e dun máximo de 47 ECTS por curso académico atendendo aos criterios e prelacións establecidos polo título ([anexo III](#)), agás no caso do alumnado ao que lle resten menos de 18 ECTS para rematar os seus estudos, que deberá matricularse de todos os créditos necesarios para obter o título.

O alumnado que formalice a súa matrícula de inicio de estudos de máster no segundo cuatrimestre matricularase dos créditos establecidos no plan de estudos para o segundo cuatrimestre, excepto os correspondentes ao Traballo Fin de Máster.

O alumnado que formalice a súa matrícula de continuación de estudos de máster no segundo cuatrimestre matricularase de entre 9 e menos de 24 ECTS, agás a quen lle resten menos de 9 ECTS para rematar os estudos. Este colectivo, de incluír na matrícula materias cursadas e non superadas, poderá matricularse ata 39 ECTS, a metade do establecido con carácter xeral.

1.5.2.2 Formalización da matrícula en réxime de tempo parcial

O estudantado que inicie estudos e desexe acollerse á modalidade de estudos a tempo parcial debe indicalo no momento de realizar a prescrición, mentres que o alumno que continúa estudos debe solicitalo no momento da matrícula.

Na solicitude faranse constar as circunstancias que concorran e xustifiquen o impedimento de realizar os estudos a tempo completo conforme ao modelo anexo IV, así como a documentación xustificativa.

As solicitudes presentaranse a través da secretaría virtual e a Área Académica de Posgrao, daralles traslado á Comisión Académica do Máster, para a súa resolución. Ésta poderá ter en conta para a concesión criterios como as necesidades educativas especiais, o traballo, as responsabilidades familiares, as actividades deportivas de alto nivel, etc.

Se a resolución da solicitude de estudos a tempo parcial é favorable, a persoa interesada axustará, no prazo que se lle indique na resolución, a súa matrícula aos créditos establecidos para esta modalidade (entre 18 e 47 ECTS, agás no caso de estudantes aos que lles falten menos de 18 ECTS para rematar os estudos). Transcorrido o prazo outorgado para axustar a matrícula sen terse realizado, entenderase que renuncia a realizar estudos a tempo parcial, tendo consideración a matrícula a tempo completo a todos os efectos.

Se a resolución é desfavorable, a alumna ou o alumno quedará matriculado a tempo completo ou poderá solicitar anulación total da matrícula no prazo de 10 días a contar desde a notificación da resolución.

A consideración de estudante a tempo parcial deberá renovarse no momento de cada nova matriculación.

1.5.2.3 Caso excepcional de alumnado que precisa completar 300 créditos para acceso a estudos de Doutoramento

Excepcionalmente, respecto ao alumnado que debe completar os 300 créditos requiridos para o acceso a estudos de doutoramento, permitiráselle a matrícula de menos de 48 créditos, na modalidade de tempo completo, e de menos de 18 créditos, na modalidade de tempo

parcial, para que poidan acadar ese mínimo de 300 créditos. Nestes casos o alumnado solicitará a matrícula despois do 3º prazo de preinscrición, naqueles másteres que aínda teñan prazas vacantes

I.6 Cómputo de convocatorias e réxime de permanencia

Cada estudante dunha titulación de máster deberá obter no primeiro curso académico un mínimo de tres materias ou 18 créditos se está en réxime de tempo completo e dúas materias ou 12 créditos se está en réxime de tempo parcial. O estudiantado matriculado nunha titulación oficial de máster disporá de dúas convocatorias para superar cada materia. A formalización da matrícula nas titulacións oficiais de máster dará dereito, en cada curso académico, a unha única convocatoria con dúas oportunidades de avaliación, que se realizarán conforme o calendario académico aprobado ou a norma que corresponda. No cómputo das convocatorias para superar unha materia non se terán en conta aquelas nas que figure a consideración de “non presentada/o” ou “non avaliada/o”.

I.7 Modificación, anulación de matrícula e matrículas fóra de prazo.

I.7.1 Prazo

O alumnado matriculado en másteres poderán solicitar a modificación ou anulación da súa matrícula con dereito a devolución de prezos públicos ate as 14:00 horas do 21 de outubro de 2026.

Para o segundo cuadrimestre o prazo será **entre o 1 e o 5 de febreiro de 2027**.

I.7.2 Modificación da matrícula:

Enténdese por modificación a ampliación e/ou substitución dunhas materias por outras.

As modificacións estarán sometidas ás limitacións e impedimentos que se establezan na convocatoria de matrícula, nos plans ou programas de estudo, nas normas de permanencia e nas normas de xestión académica.

Se, como consecuencia da modificación da matrícula resultara un importe a devolver, procederase á devolución dos prezos públicos, consonte ao establecido na Resolución Reitoral de normas económicas derivadas da xestión académica do curso 2026/2027.

I.7.2.1 Solicitudes de modificación de matrícula

Poderá ampliarse, modificarse ou anular parcialmente a matrícula en materias de calquera tipo (obrigatorias, optativas).

I.7.2.1.1 Primeiro período de modificación de matrícula

Neste período recollido no [anexo I](#), poderase modificar a matrícula realizada, en calquera das materias matriculadas.

1.7.2.1.2 Segundo período de modificación de matrícula

Neste período recollido no [anexo I](#), poderase modificar a matrícula realizada, tan só de materias do segundo cuatrimestre..

1.7.2.2 Resolucións de modificacións de matrícula fóra dos prazos establecidos no [anexo I](#)

A matrícula fóra de prazo pode supoñer a incorporación con posterioridade ao inicio de actividades xa programadas, polo que, quen se matricule nestas circunstancias coñece que dita formalización non xera o dereito a repetir as xa realizadas, a excluílas da avaliación, nin a avaliación en datas distintas das previstas.

As solicitudes de modificación de matrícula fóra dos prazos fixados serán desestimadas polos decanatos ou direccións dos centros por delegación reitoral, salvo aquelas solicitudes por causas alleas ao estudante, debidamente xustificadas, que serán reenviadas ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao para a súa consideración e resolución.

Os recursos interpostos contra as resolucións dos decanatos ou direccións serán remitidos ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao. Poderán resolverse favorablemente e de xeito excepcional cando se xustifique unha circunstancia sobrevida grave ocorrida unha vez iniciado o curso, sempre que non se solicite dar de baixa algunha materia na que concorrera a algunha proba de avaliación nese cuatrimestre e sempre que non se solicite a matrícula nunha materia con posterioridade á data de xeración das actas de cualificación. Non se autorizarán matrículas de materias con posterioridade ás datas de avaliación das mesmas.

1.7.3 Anulación parcial ou total da matrícula:

1.7.3.1 Anulación parcial

As solicitudes de anulación parcial de matrícula serán resoltas polos decanatos ou direccións dos centros por delegación reitoral.

A anulación parcial poderase solicitar nos prazos establecidos no [anexo I](#). As solicitudes presentadas fóra dos prazos establecidos serán desestimadas por extemporáneas, salvo causas de forza maior sobrevidas e debidamente xustificadas.

Os recursos interpostos a estas resolucións serán remitidos ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao .

1.7.3.2 Anulación total

As solicitudes de anulación total de matrícula serán remitidas ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao xa que son competencia do Reitor.

A anulación total de matrícula poderase solicitar nos prazos establecidos no anexo I.

No prazo de febreiro son susceptibles de anulación total aquelas matrículas de continuación que conteñan unicamente materias do segundo cuatrimestre.

Para a concesión da anulación total de matrícula, será necesario realizar ao pagamento dos prezos públicos correspondentes á matrícula unha vez aplicadas as exencións e bonificacións aplicables, de acordo co establecido na Resolución Reitoral de normas económicas derivadas da xestión académica publicada para o curso 2026/2027.

A Universidade de Vigo poderá anular de oficio as matrículas do alumnado condicionadas á obtención dunha bolsa no caso de programas de bolsas internacionais cos que a Universidade de Vigo colabore. A anulación farase efectiva tras a comunicación á Universidade da denegación da bolsa por parte da entidade que convoca a bolsa ou do/a alumno/a.

Se, como consecuencia da anulación da matrícula resultara un importe a favor do/a estudante, devolveráanse os prezos públicos, consonte ao establecido na citada Resolución Reitoral de normas económicas derivadas da xestión académica do curso 2026/2027.

No caso dos/das estudantes que necesitan solicitar un visado e este foilles denegado teñen como prazo máximo para solicitar a anulación de matrícula o 20 de xaneiro de 2027, sempre que solicitaran o visado con dous meses de antelación ao inicio do curso, consonte o establecido no artigo 36.1 RD 1155/2024, de 19 de novembro polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica, do 11 de xaneiros, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

No caso de imposibilidade de cursar o máster por causas alleas ao estudante, debidamente xustificadas, se lle anulará a matrícula coa devolución dos prezos públicos abonados, de acordo co establecido nas Normas Económicas derivadas da Xestión Académica no curso 2026/2027.

I.7.3.3 Impedimentos para a concesión de anulación de matrícula

Non procederá en ningún caso, a anulación parcial ou total de matrícula cando xa se concorrera a algunha convocatoria de exames, ou se fixera uso dalgún dos instrumentos de avaliación continua previstos na correspondente memoria de verificación para cada máster.

Non se concederá a anulación total de matrícula cando non estean aboados os prezos públicos que correspondan, que se indicarán na correspondente resolución reitoral, cando se teña a matrícula arquivada ou cando se autorizase a matrícula fóra dos prazos establecidos segundo indica o [anexo I](#) da presente convocatoria, salvo cando de xeito excepcional, unha circunstancia sobrevida grave debidamente xustificada impida cursar os estudos.

Naqueles casos de anulación por causas de forza maior sobrevida non se computará o 2º cuatrimestre nos cálculos para cumprir a normativa de permanencia.

I.7.4 Solicitudes de matrícula fóra de prazo

Só se poderán solicitar matrículas fóra de prazo naqueles másteres, que unha vez rematados os procesos oficiais de preinscrición e matrícula dispoñan de prazas vacantes.

As persoas interesadas deben poñerse en contacto coa Comisión Académica do Máster ou Coordinación para que, no caso de que así se acorde, emitan un informe favorable.

Obtido o informe favorable a persoa interesada remitirao ao Servizo de Posgrao coa súa solicitude de matrícula fóra de prazo polos canles indicados na Sede electrónica da Universidade de Vigo.

Independentemente do informe da comisión do máster, a solicitude pode ser denegada por causas xustificadas .

O alumnado matriculado fóra de prazo asume o disposto no primeiro parágrafo do punto I.7.2.2.

CAPÍTULO II: Matrícula nos estudos conducentes ao título de Doutora ou Doutor pola Universidade de Vigo

A presente convocatoria de matrícula afecta ás e aos estudantes que desexen matricularse nun programa de doutoramento regulado polo Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento.

Segundo o artigo 19 do Regulamento de Estudos de doutoramento da Universidade de Vigo, as e os estudantes formalizarán matrícula no período de tutela de tese, logo da comprobación pola Universidade do cumprimento dos requisitos. A matrícula deberá formalizarse durante todos os cursos mentres dure a elaboración da tese. Unha vez realizada a tese, efectuado o seu depósito, e autorizada a súa defensa, formalizarase a matrícula para a lectura da tese na unidade de xestión correspondente de acordo co procedemento establecido no regulamento aplicable, aboando os prezos legalmente establecidos.

II.1 Alumnado de novo ingreso

II.1.1 Requisitos Xerais de Acceso a Programas de Doutoramento regulados polo RD 99/2011 (matrícula por primeira vez)

Para acceder a un programa de doutoramento regulado polo R.D. 99/2011, débese cumprir algún dos seguintes requisitos:

II.1.1.1 Con carácter xeral, para o acceso a un programa oficial de doutoramento será necesario estar en posesión dos títulos oficiais españois de Grao, ou equivalente, e de Máster Universitario, ou equivalente, sempre que se superasen, polo menos, 300 ECTS no conxunto destas dúas ensinanzas.

II.1.1.2 Así mesmo poderán acceder quen se atope nalgún dos seguintes supostos:

- a) Estar en posesión de títulos universitarios oficiais españois ou títulos españois equivalentes sempre que se superaron, polo menos, 300 créditos ECTS no conxunto destes ensinamentos e acreditar un nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior.
- b) Estar en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros pertencentes ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), sen necesidade da súa homologación, que acredite un nivel 7 do Marco Europeo de Cualificacións sempre que devandito título faculte para o acceso a estudos de doutoramento no país de expedición do mesmo. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión o interesado nin o seu

recoñecemento a outros efectos que o do acceso a ensinos de doutoramento.

- c) Estar en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros alleos ao EEES, sen necesidade da súa homologación, previa comprobación pola universidade de que este acredita un nivel de formación equivalente á do título oficial español de Máster universitario e que faculta no país de expedición do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión o interesado nin o seu recoñecemento a outros efectos que o do acceso a ensinos de doutoramento.
- d) Estar en posesión doutro título de Doutora ou Doutor.
- e) Igualmente poderán acceder os titulados universitarios que, previa obtención de praza en formación na correspondente proba de acceso a prazas de formación sanitaria especializada, superasen con avaliación positiva polo menos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en Ciencias da Saúde.

Naqueles casos nos que se presente un título español e outro non o/a solicitante poderá acceder a estudos de doutoramento sempre que acredite un nivel 7 EQF ou equivalente.

Para os efectos de establecer a equivalencia dos créditos de titulacións de países alleos ao EEES con créditos ECTS un curso académico completo dun título universitario oficial de países alleos ao EEES será considerado equivalente a 60 ECTS.

Nas titulacións españolas con certificacións emitidas en créditos LRU, terase en conta que 1 crédito LRU equivale a 1 ECTS. De non existir créditos a equivalencia será de 60 ECTS por curso académico.

Os títulos superiores de ensinanza artística e restauración, aínda que teñan equivalencia a grao ou licenciatura, non acadan o nivel III do MECES, polo que necesitan a superación dun máster universitario oficial.

A área de posgrao do centro de adscrición do programa de doutoramento comprobará a documentación presentada para garantir o cumprimento dos requisitos de acceso a un doutoramento universitario. Ditos requisitos deben cumprirse na data de remate do prazo de preinscrición establecido, excepto no caso de solicitudes autorizadas á matrícula fora de prazo en doutoramentos que, rematados os procesos oficiais de preinscrición e matrícula, aínda teñan prazas vacantes, en que deberán reunir os requisitos no momento de formalizar a solicitude.

Excepcionalmente, poderase solicitar a admisión nun programa de doutoramento aportando a certificación de que vai realizar, ou ten realizada, a defensa do TFM, e entregando a certificación de ter superado o TFM no período de reclamación á lista provisional, sempre que o autorice a Comisión

Académica do Programa de Doutoramento, e queden prazas vacantes en dito listado provisional.

II.1.2 Requisitos de Admisión

II.1.2.1 Admisión en Programas de Doutoramento regulamentados polo RD 99/2011

Para ser admitida ou admitido nun **Programa de Doutoramento regulamentado polo RD 99/2011**, modificado polo RD 576/2023 deberanse cumprir os requisitos xerais de acceso (ver [anexo XI](#)) e adscribir a súa solicitude a unha liña de investigación das contempladas no programa de doutoramento elixido.

Na memoria de verificación e na oferta dos programas poderán establecerse requisitos e criterios adicionais para a selección e admisión de estudantes ([anexo XI](#)).

De ser o caso, a Comisión Académica do Programa de Doutoramento indicará, xunto coa admisión de cada alumno/alumna, os complementos de formación que deben cursar, ata un máximo de 15 ECTS. Así mesmo, trasladará ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, despois da publicación das listaxes definitivas das persoas admitidas, a notificación de ditos complementos de formación para que sexan configurados no plano de estudos correspondente.

A realización destes complementos será previa ou simultánea á matrícula en tutela académica no programa. No caso de realización simultánea o alumnado deberá matricularse destes complementos no momento de formalizar a matrícula de tutela académica do programa. No caso de ser previa só se matriculará destes complementos e non se asinará o compromiso documental nin se abrirá o documento de actividades establecidos no RD 99/2011 ata a súa superación.

Os complementos de formación deberán superarse no prazo máximo dun curso académico e terán, a efectos de prezos públicos e de concesión de bolsas e axudas ao estudo, a consideración de formación de nivel de doutoramento. De non facelo así, o alumnado causará baixa no programa.

Os devanditos complementos de formación específica poderán ser de materias ou módulos de máster e grao e terán, a efectos de prezos públicos e de concesión de bolsas e axudas ao estudo, a consideración de formación de nivel de doutoramento. No caso de realizarse con carácter previo o seu desenvolvemento non computará a efectos do límite temporal establecido para a realización da tese. Estes créditos non computarán aos efectos dos requisitos ordinarios de acceso ao programa de doutoramento.

A matrícula nestes complementos de formación realizarase directamente na secretaría do centro de adscripción do programa do 1 ao 7 de outubro de 2026.

II.1.2.2 Procedemento de admisión

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión Académica do Programa de Doutoramento publicará unha relación provisional das persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, que será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica. A dita relación provisional establecerá, de ser o caso, os complementos de formación que debería realizar o alumnado. A configuración destes complementos no plano de estudos do programa de doutoramento seguirá o procedemento establecido no [anexo XII](#).

Con posterioridade abrirase un prazo de presentación de reclamacións á relación provisional de persoas admitidas. Resoltas as reclamacións, publicarase nos mesmos taboleiros a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación da persoa designada como titora.

As persoas aspirantes que foran admitidas, poderán formalizar a matrícula nos prazos e na forma establecidos nesta norma.

II.1.3 Preinscrición

As e os aspirantes deberán cubrir a solicitude de preinscrición na plataforma informática de xestión académica nos prazos establecidos no calendario ([anexo IX](#)). A información relativa á documentación solicitada por cada programa de doutoramento estará dispoñible nas áreas de posgrao de adscrición dos programas de doutoramento ([anexo X](#)) e no enderezo posgrao.uvigo.gal. Toda a documentación achegarase en formato electrónico á área de posgrao correspondente.

Na solicitude o estudantado deberá engadir un enderezo de correo electrónico, que será o medio preferente utilizado pola universidade para enviar as comunicacións e notificacións que se derivaren deste proceso.

Non obstante, poderá presentarse a documentación consonte ao establecido no apartado III: Normas comúns.

II.1.3.1 Cota para alumnado con discapacidade

Establécese para todos os programas de doutoramento unha cota do 5% das prazas totais para os e as estudantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, e que reúnan os requisitos de acceso e admisión establecidos para cada programa. Os criterios de adxudicación serán os establecidos con carácter xeral para cada programa de doutoramento, e en ausencia destes, o criterio será a nota obtida nos estudos que lles dean acceso. As prazas obxecto de reserva que queden por cubrir acumularanse ás ofertadas polo réxime xeral. O alumnado que queira acceder por esta cota deberá realizar a preinscrición nos prazos establecidos, e indicará nela a súa condición. Deberá entregar na área de posgrao de adscrición a seguinte documentación, ademais da que lle correspondera para a realización da súa matrícula:

- Copia do xustificante oficial que acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Co fin de dispoñer dos datos necesarios para dar apoio e facilitar os servizos e recursos específicos aportará o impreso PIUNE que pode atopar no apartado de matrícula na web posgrao.uvigo.es.

II.1.4 Formalización da matrícula

As persoas admitidas cubrirán o formulario de matrícula a través da plataforma informática de xestión académica. A documentación compulsada deberá presentarse na área de posgrao de adscrición do programa de doutoramento ([anexo X](#)) desde a formalización da matrícula ata os 10 días seguintes ao remate de cada período de matrícula dos establecidos no calendario ([anexo IX](#)), salvo que xa fora presentada na fase de preinscrición.

O incumprimento deste prazo levará consigo o paso da matrícula á situación de “arquivada por falta de documentación”.

A documentación necesaria é:

- Resgardo do pagamento da matrícula, no caso de pagamentos no estranxeiro.
- Xustificación da exención de prezos públicos, se fora o caso.
- Fotocopia do DNI ou pasaporte, salvo para estudantes da Universidade de Vigo que teñan os seus documentos en vigor.
- (I) Copia compulsada dos títulos de máster e grao universitario, , ou (II) Documentación xustificativa de atoparse nalgunha das outras situacións de acceso previstas no apartado II.1.1.2. No caso de estudantes da Universidade de Vigo non será necesario presentar estes documentos.
- Copia compulsada das certificacións académicas do máster e do grao universitario.
- Declaración xurada de non estar, ou ter estado matriculado, noutro programa de doutoramento. Tampouco poderá estar matriculado noutras universidades en estudos de grao ou máster que excedan do límite de créditos permitidos pola normativa de simultaneidade da Universidade de Vigo.
- Para a cota de alumnado con discapacidade deberá presentarse xustificante oficial que acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Alumnado con titulacións estranxeiras de fóra do EEES:
 - a) Solicitude de equivalencia do título TC-03)
 - b) Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte.
 - c) Títulos universitarios estranxeiros

- d) Certificacións académicas dos estudos universitarios cursados conducentes aos títulos presentados.
- e) Declaración de equivalencia da nota media dos expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, obtida a través do procedemento online establecido polo MICIU no enderezo web:

https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Equivalencia_notas_medias

- f) Planos de estudos
- g) No caso de que a Comisión Académica así o determine poderán solicitarse tamén os programas das diferentes materias para os efectos de comprobar os seus contidos e a carga lectiva.

En calquera caso, a documentación debidamente legalizada e/ou traducida deberá entregarse na área de posgrao de adscrición dos estudos de posgrao **antes do 30 de outubro de 2026**.

O alumnado deberá aboar os prezos públicos establecidos para a tramitación da súa solicitude e realizar a matrícula nos prazos que, con carácter xeral, se determinan nesta convocatoria de matrícula.

O alumnado que presente as titulacións académicas nun idioma distinto do galego ou castelán, deberá acompañalas das correspondentes traducións xuradas. En tales casos as certificacións indicarán, así mesmo, as cualificacións máxima e mínima do sistema de avaliación correspondente e farase constar cal é a cualificación mínima para aprobar.

Os documentos c), e d) deben estar legalizados por vía diplomática nas embaixadas ou consulados de España. Os documentos cuñados coa “apostilla” (Convención da Haya) non precisan outra legalización diplomática ou consular.

II.1.4.1 Matrícula fóra de prazo

Rematado o proceso regular de preinscrición e matrícula os programas de doutoramento con prazas vacantes poderán admitir solicitude de matrícula fóra de prazo. Esta matrícula realizarase en base a unha convocatoria de bolsa, un contrato ou unha cotutela do alumno.

As persoas interesadas deberán contactar coa CAPD do programa para que emita informe favorable para a súa admisión.

Os/as estudantes que obtivesen un contrato predoutoral en convocatorias competitivas, nas que sexa requisito estar

matriculado nun programa de doutoramento, poderán solicitar á Eido a súa admisión e matrícula nun programa de doutoramento fora do período de matrícula ordinario, podendo exceder, con carácter excepcional, o límite de prazos do programa de doutoramento.

No caso de que se autorice a matrícula fóra de prazo, o alumnado deberá adaptarse aos prazos de entrega dos diferentes documentos requiridos no Regulamento de estudos de doutoramento, que se apliquen ao alumnado matriculado en prazo.

A matrícula fóra de prazo pode supoñer a incorporación con posterioridade ao inicio de actividades xa programadas, polo que, quen se matricule nestas circunstancias coñece que a dita formalización non xera o dereito a repetir as xa realizadas, a excluílas da avaliación, nin a ser avaliado en datas distintas das previstas.

II.1.4.2 Revisión de matrícula

Se, como resultado da revisión da documentación presentada para realizar a matrícula, se detectase que se carece do requisito de acceso á titulación, a matrícula será revocada.

II.1.4.3 Procedemento de formalización de matrícula

A admisión no programa de doutoramento non terá validez no caso de que non se formalice a matrícula dentro dos prazos establecidos pola Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento de acordo co calendario vixente, aprobado na súa sesión do 22 de febreiro de 2026.

O estudiantado de doutoramento que fose admitido nun programa de doutoramento, deberá formalizar unha matrícula cada curso académico e aboar os prezos públicos de renovación de tutela de tese ata a súa admisión a trámite para a defensa, mantendo a vinculación académica coa Universidade de Vigo e o dereito de uso dos servizos da mesma.

A efectos de xestión académica, enténdese que o calendario académico dos programas de doutoramento comeza o 1 de outubro do ano no que se matricule e remata o 30 de setembro do ano seguinte. No caso de que o alumnado solicitara a admisión a trámite da súa tese antes de que finalice o período de matrícula non deberá formalizar matrícula en tutela de tese.

II.1.4.4 Matrícula a tempo parcial

O estudiantado de novo acceso matricularase a tempo completo. Nos programas de doutoramento que o teñan establecido na súa memoria de verificación a CAPD poderán outorgar dedicación a tempo parcial o alumnado que llo solicite. Para a condición de doutorando a tempo parcial teranse en conta motivos de carácter laboral, familiar ou persoal.

- a) Os motivos de carácter laboral, preferentemente situacións de carácter fixo ou estable, pero non situacións eventuais, como contratos temporais, contratos en prácticas ou bolsas de colaboración cunha duración inferior a seis meses.
- b) Os motivos de carácter familiar ou persoal incluírán, entre outras, situacións de dependencia, coidado de maiores ou fillos/as discapacitados, familia numerosa con fillos/as en idade escolar e situacións de violencia de xénero.
- c) O estudantado cun grao de discapacidade superior ao 33% obterá, se llo solicita e xustifica documentalmentemente á CAPD, a condición de estudante a tempo parcial

O cambio de modalidade de matrícula poderá solicitarse nos períodos de matrícula ordinarios, condicionada ao informe favorable da CAPD, e extraordinariamente noutros períodos por modificacións sobrevindas das circunstancias laborais, familiares ou persoais do doutorando/a.

A solicitude presentarase na Área Académica que xestiona o programa de doutoramento, facendo constar as circunstancias que concorran e aportando a xustificación, que dará traslado á CAPD do programa para a súa resolución.

Se a resolución é favorable faranse as modificacións na dedicación do alumnado solicitante por parte da Área Académica e si é desfavorable o estudante continua coa dedicación a tempo completo.

II.1.5 Estudantes estranxeiros

II.1.5.1 Cota para alumnado estranxeiro

En virtude dos compromisos que se establezan coas outras universidades participantes en cada programa podería establecerse unha cota específica para estudantes con títulos universitarios de países alleos ao EEES.

II.1.5.2 Alumnado con titulacións pre-EEES

O alumnado con titulacións de acceso anteriores á implantación do EEES deberán presentar solicitude de equivalencia, e aboar os prezos públicos correspondentes.

II.1.5.3 Estudantes estranxeiros/estranxeiras

Quedan eximidos de axustarse ao calendario establecido nestas normas, as e os aspirantes estranxeiros que para tramitar o correspondente permiso de entrada ou estancia en España necesiten presentar ante a autoridade competente o certificado de matrícula na Universidade de Vigo. Poderán formalizar os trámites administrativos descritos nesta norma no momento que sexa preciso previa presentación de escrito razoado da necesidade e co Visto e Prace do órgano responsable do programa de doutoramento.

Os e as estudantes estranxeiros de programas de intercambio terán dereito ao seguimento e certificación daquelas actividades que figuren no seu contrato de estudos de intercambio, pero non á obtención do título do máster ou programa de doutoramento no que desenvolvan o seu programa de intercambio.

No anexo XIV establécese o procedemento de admisión en estudos de posgrao, para estudantes estranxeiros/estranxeiras que requiran un documento formal de admisión para realizar trámites no seu país de orixe, que lle permitan matricularse no curso 2027/2028.

II.2 Formalización de matrícula de continuación de estudos

Respecto ao alumnado que continúe estudos no mesmo Programa de Doutoramento, habilitarase un prazo **entre o 1 e o 10 de xullo de 2026** para que os coordinadores de cada programa de doutoramento presenten á Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento a relación motivada de alumnos/alumnas que propoñan para a súa baixa definitiva no programa. O resto do alumnado poderá matricularse directamente no período de matrícula establecido no calendario de preinscrición e matrícula para estudos de doutoramento no curso 2026/2027 (**1 de setembro ao 10 de outubro de 2026**).

Non deberán solicitar renovación de matrícula aqueles/aquelas alumnos/alumnas que depositen a súa tese antes do 10 de outubro de 2026, en virtude da convocatoria.

A renovación da matrícula farase coa mesma dedicación que figura no expediente académico do estudantado, e non será obrigatorio facer a renovación do tempo parcial cada curso. Non obstante, faranse as comprobacións oportunas co alumnado que se atope nesta modalidade e, nos casos en que se faga necesario, solicitarase ós interesados/as a documentación correspondente que acredite esta dedicación.

II.3 Formalización de matrícula no segundo cuadrimestre

II.3.1 Matrícula no segundo cuadrimestre

O prazo de preinscrición e matrícula para o segundo cuadrimestre é o establecido no [anexo IX](#) desta convocatoria.

Só se ofertarán prazas naqueles Programas de Doutoramento que ofertando a modalidade de tempo parcial, teñan prazas vacantes e soliciten autorización para este prazo á Comisión Permanente da EIDO, antes do 26 de xaneiro de 2027.

II.4 Cambios, desestamentos e modificacións

II.4.1 Anulación de matrícula.

Ata o 6 de novembro de 2026 o alumnado de novo ingreso, na convocatoria de outubro, poderá anular a súa matrícula con dereito á devolución de prezos públicos, sempre que conte coa autorización da Comisión Académica do Programa de Doutoramento. A partir desta data calquera anulación de matrícula, por causa de forza maior debidamente xustificada, deberá ser solicitada á Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento con informe previo favorable do órgano responsable do programa de doutoramento.

II.5 Outras cuestións para matricularse en estudos de doutoramento

II.5.1 Asignación de director/directora da tese

En canto aos prazos e requisitos para o nomeamento da persoa directora da tese de doutoramento estarase ao establecido no Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo.

II.5.2 Formación cuberta pola matrícula en doutoramento

A matrícula nos programas de doutoramento regulados polo RD 99/2011 cubre os cursos, os seminarios e as actividades de carácter obrigatorio establecidos na memoria verificada do programa.

II.5.3 Baixas temporais

O alumnado ao que lle sexa autorizada a baixa temporal no seu programa de doutoramento, unha vez iniciado o curso académico non terán dereito á devolución dos prezos públicos aboados en concepto de titoría anual de doutoramento nese curso.

No caso de que a alta se produza unha vez iniciado o curso académico o alumnado deberá aboar os prezos públicos de titoría anual de doutoramento correspondentes a ese curso.

II.5.4 Data de efectos da matrícula

A data de efectos da matrícula, para o cómputo de prazos máximos e mínimos para a presentación da tese de doutoramento será o 1 de outubro de 2026. No caso de primeira matrícula na convocatoria de febreiro, será o 24 de febreiro de 2027.

II.5.5 Procedemento para a tramitación de solicitudes de recoñecemento de actividades realizadas ao abeiro de resolucións anteriores ao RD 99/2011, ou noutras universidades.

No [anexo XIII](#) establécense os prazos e o procedemento para tramitar estas solicitudes no curso 2026/2027.

II.5.6 Solicitud de prórroga

No terceiro curso académico de matrícula, para alumnado a tempo completo, ou no quinto curso, para alumnado a tempo parcial, poderán solicitarse as prórrogas na data límite para a presentación da tese, establecidas no Regulamento de Estudos de Doutoramento.

O alumnado que, na situación descrita no parágrafo anterior, non estea en disposición de presentar a súa solicitude de depósito da tese de doutoramento dentro dos prazos máximos establecidos, poderá presentar unha solicitude motivada de prórroga. Os prazos de solicitude serán **entre o 2 e o 13 de novembro de 2026** e **entre o 5 e o 16 de abril de 2027**, e o resto de prazos e condicións establécense no [Anexo XV](#) desta convocatoria de matrícula. Dita solicitude deberá ter o visto e prace do/da seu/súa director/directora ou directores/directoras. A Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) poderá autorizar a solicitude de prórroga por un ano, para alumnado a tempo completo, e por dous anos, para alumnado a tempo parcial. No caso de denegar a prórroga a resolución será motivada. Trasladarase o acordo da CAPD á secretaría do centro de adscrición para a modificación do expediente do/da alumno/alumna no programa informático.

II.5.7 Matrícula nas actividades formativas propias dos programas de doutoramento

Establécense dous prazos de matrícula nestas actividades formativas; **do 16 ao 23 de outubro**, para o primeiro cuadrimestre, e **do 11 ao 18 de marzo**, para o segundo cuadrimestre.

A preinscrición e matrícula realizarase a través da Secretaría Virtual de cada estudante nos prazos indicados. As actividades formativas só poderán ofertarse cando teñan definidos os días concretos de celebración.

CAPÍTULO III Normas comúns á matrícula en estudos de posgrao

III.1 Estados e efectos da matrícula:

III.1.1 Estados da matrícula

A matrícula formalizada poderá quedar nun dos seguintes estados:

- **Activa.** No momento da formalización atópase activa e outorgará plenos dereitos. O seu estado non cambiará cando estea comprobado que se reúnen os requisitos de acceso aos estudos e estea efectuado o pagamento dos prezos públicos.
- **Arquivada.** Nesta situación estarase dende o momento no que conste que o pagamento da totalidade ou parte dos prezos públicos non se realizara, ou cando pasado o prazo de entrega de documentación, se estea pendente de achegar algún documento necesario dos indicados no [anexo III](#). Este estado supón a limitación de dereitos tales como o acceso ao expediente, a expedición de certificacións e títulos, a tramitación de solicitudes de matrícula fóra de prazo, de anulación e de modificación de matrícula, de traslados, de formalización de matrículas en cursos posteriores ou calquera outra relacionada co expediente académico. Unha vez emendado o motivo que deu lugar a esa situación, terase dereito a que se active de novo o expediente.
- **Anulada.** Cando se solicite no prazo establecido a anulación da matrícula, se se dan as circunstancias establecidas na normativa e nesta convocatoria. Neste caso para conceder á anulación, deberase aboar o importe correspondente. Tamén procederá a anulación cando se realice de oficio por parte da universidade.

III.2 Presentación de solicitudes e documentación en materia de xestión académica para estudos de posgrao

III.2.1 Preinscrición e matrícula

A preinscrición e a matrícula deberán realizarse polos medios electrónicos dispostos pola Universidade de Vigo na Secretaría Virtual :

<https://matricula.uvigo.es/loginX/login.asp>.

No caso de que a secretaría virtual non permita a achega de arquivos adxuntos, (titulacións de máster) a documentación dixitalizada poderá adiantarse por correo electrónico á Area Académica de Posgrao correspondente nos prazos sinalados nesta convocatoria e no calendario de preinscrición e matrícula.

A realización da preinscrición en prazo a través do procedemento electrónico indicado arriba é obrigatorio. No caso de experimentar dificultades técnicas, estas deberán ser postas en coñecemento da área académica de adscrición do Máster/Programa de Doutoramento durante o prazo de preinscrición. Unha vez rematado este prazo non se aceptarán reclamacións baseadas en dificultades técnicas.

Excepcionalmente, a matrícula (pero non a preinscrición) poderá realizarse contactando coa Área de Xestión Académica de adscrición do programa de máster ou doutoramento se por algunha causa non fose posible realizala telemáticamente..

Ademais do disposto neste apartado, para os casos en que sexa preciso poderá aportarse documentación polas canles indicadas na letra “b” do punto seguinte.

III.2.2 Solicitudes e trámites en materia de xestión académica

- a) As solicitudes do alumnado presentaranse preferentemente por medios electrónicos, ben a través da Secretaría Virtual do Alumno ou polos formularios accesibles por vía telemática a través da Sede Electrónica da Universidade de Vigo no apartado Catálogo de trámites /Procedementos de Xestión Académica.

Unha vez cuberta a solicitude, deberá ser asinada pola persoa interesada por medio de calquera dos sistemas de sinatura electrónica consignados na sede da Universidade de Vigo.

- b) Os trámites que non se poidan realizar neste momento a través da Sede Electrónica da Universidade de Vigo ou directamente na Secretaría Virtual do Alumno, deberán facerse na Área de Xestión Académica de adscrición do máster ou do programa de doutoramento.

Ademais poderán utilizarse as seguintes canles:

-A solicitude poderá presentarse presencialmente na oficina de apoio en materia de rexistro da Universidade de Vigo.

-Ademais pódense utilizar os medios indicados no artigo 16.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de optar polos medios indicados neste parágrafo, deberá achegarse copia por correo electrónico á área académica de adscrición do programa de Máster ou Doutoramento.

- c) As unidades administrativas, de non existir oposición expresa da persoa interesada, farán uso dos servizos de verificación mediante o acceso á Plataforma de Intermediación de Datos das Administracións Públicas para verificar a identidade e a residencia, así como datos académicos e do Ministerio de Xustiza cando resulten esenciais.

III.3 Dereitos e deberes

Sen prexuízo de calquera outro dereito ou obrigas legalmente establecidas, a matrícula realizada de acordo coas presentes normas supón:

- a) O dereito de asistencia ás clases teóricas e prácticas de cada materia e a ser avaliado/a, así como o deber de asistencia e realización das actividades formativas que se establezan na programación docente de conformidade cos estatutos da Universidade de Vigo e a normativa de desenvolvemento.
- b) O dereito a concorrer no curso ás convocatorias de exame que se determinen de acordo cos calendarios fixados polos centros.
- c) O dereito ao exame e avaliación correspondentes das materias matriculadas quedará limitado polas incompatibilidades académicas ou prerequisites derivados dos programas de estudos establecidos para este efecto.
- d) O dereito á obtención da correspondente tarxeta universitaria de identificación (TUI) que lle permite o acceso aos servizos e instalacións da Universidade de Vigo.
- e) O dereito a participar na vida académica de acordo co establecido nos estatutos da Universidade de Vigo.
- f) O deber de efectuar o pagamento dos prezos públicos nos prazos establecidos, agás que se teña dereito a exención.

III.4 Incompatibilidades académicas e horarias

A matrícula formalizada entenderase feita sen prexuízo das posibles incompatibilidades cos horarios de clases e exames determinadas polos centros para cada titulación de acordo coas necesidades dos seus programas de estudo e estará condicionada pola ordenación temporal dos estudos, prelacións, prerequisites e aquelas obrigas académicas establecidas no correspondente plan de estudos.

No caso de detectarse algún tipo de incompatibilidade ou incumprimento da normativa, comunicaráselle á persoa afectada co fin de emendar dita anomalía.

En calquera caso, o exercicio do dereito de matrícula establecido nas presentes normas non obrigará á modificación do réxime de horarios xerais ou datas de exames determinados en cada centro, de acordo coas necesidades da súa planificación.

Non se poderá volver a formalizar matrícula para realizar exames ordinarios ou extraordinarios en materias de cursos totalmente extinguidos.

Quen se adapta a un novo plan de estudos non poderá, en ningún caso, matricularse de materias do plan de procedencia.

III.4.1 Simultaneidade de estudos

Considérase simultaneidade de estudos a realización ao mesmo tempo de máis dun estudo oficial de grao, máster ou doutoramento de calquera universidade pública ou privada española. Non se poderán simultanear máis de dúas titulacións, sexan estas da Universidade de Vigo ou doutras universidades.

É requisito para simultanear estudos ter obtido autorización previa. En todo o relativo ás condicións nas que pode concederse, así como ao procedemento para a súa solicitude e tramitación, estarase ao disposto na "Normativa de simultaneidade de estudos na Universidade de Vigo", aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 19 de xullo de 2017 (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/407>).

III.5 Tratamento de datos persoais

III.5.1 Responsable do tratamento:

A Universidade de Vigo é a responsable do tratamento dos datos de carácter persoal e cumpre cos principios de transparencia e información conforme aos artigos 12 e 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (RXPD) e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)

III.5.2 Finalidades:

Os datos persoais facilitados polo alumnado, serán tratados coas seguintes finalidades:

- Realizar toda a xestión académica e administrativa do alumnado ao longo de todo o ciclo académico en calquera das titulacións oficiais (grao, máster e doutoramento)
- Realizar toda a xestión da formación permanente, os títulos propios da Universidade de Vigo, prácticas externas e todo tipo de actividades académicas, culturais, deportivas, de voluntariado e en xeral de extensión universitaria ofrecidas pola Universidade de Vigo.
- Xestionar a utilización das plataformas de teledocencia, aulas virtuais, tarxeta universitaria, correo electrónico institucional e todo tipo de recursos electrónicos propios ou contratados pola Universidade de Vigo para o desenvolvemento da xestión académica e administrativa, así como da xestión das actividades docentes e dos procesos de avaliación virtuais e, outro tipo de actividades académicas amparadas pola normativa universitaria.

III.5.3 Lexitimación:

A Universidade de Vigo está lexitimada para o tratamento da información persoal de acordo cos principios de licitude sinalados no artigo 6 do RXPDP, e especialmente en cumprimento de obrigas legais, dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos. O tratamento está amparado, principalmente, na Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, de universidades para a prestación do servizo de educación superior que ten encomendada, así como en toda a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, entre as diferentes normativas afectadas, a Universidade está lexitimada pola Lei 6/2013, de 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os Estatutos da Universidade de Vigo e a súa normativa de desenvolvemento.

III.5.4 Lexitimación para determinados tratamentos:

III.5.4.1 Para realizar probas de avaliación virtuais

O control visual da imaxe do alumnado durante a realización das probas de avaliación virtuais e, no seu caso, a gravación da súa voz/imaxe nas probas de avaliación virtual orais, sen prexuízo do deber de proporcionarlle información previa, está amparada polo artigo 6.1 e) do Regulamento (UE) 2016/679 dado que o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou en exercicio dos poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, coa finalidade de facilitar ao profesorado o seguimento, control, procedemento de avaliación e revisión das probas de avaliación, así como para garantir os dereitos e deberes do alumnado. Concretamente, o artigo 3.2.1 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, de universidades, prevé que estas establecerán os procedementos de verificación dos coñecementos do alumnado. Polo tanto, non se require do consentimento previo do alumnado para os ditos tratamentos de datos persoais.

Cara ao desenvolvemento adecuado do dito control visual ou, no seu caso, gravación mediante cámara web, o alumnado procurará situarse nun lugar axeitado para evitar a captación de imaxes relativas a súa vida familiar, asegurando a ausencia de terceiras persoas non concernidas. En ningún caso a Universidade de Vigo será responsable da captación de imaxes ou situacións alleas ao alumno/a que se puideran producir durante o visionado ou a gravación dun exame.

III.5.4.2 Para a realización de clases virtuais

Se o profesorado necesita realizar unha gravación dunha clase virtual, advertirase da mesma ao alumnado, proporcionándolle información previa antes do comezo da clase, así como as finalidades docentes para as cales se necesita. Esta gravación resultará voluntaria para o alumnado, que en tal caso poderá acceder á aula virtual como oínte, desactivando a cámara e o micrófono e formulando as súas consultas a través do chat. Este tratamento tamén pode estar lexitimado polo artigo 6.1 e) do Regulamento (UE) 2016/679, en tanto teña unha finalidade exclusivamente educativa e o seu acceso estea limitado

ao profesorado e ao alumnado da materia, sen que poida ser utilizado posteriormente para outros fins distintos, como pode ser a súa divulgación pública, o que requiriría o consentimento expreso da persoa afectada. Dito consentimento poderá ser revocado en calquera momento.

III.5.5 Acreditación da identidade do alumnado:

A Universidade de Vigo ten dúas vías exixibles e non excluíntes para a acreditación da identidade do alumnado, cara ás probas de avaliación tanto presenciais coma virtuais, as actividades docentes e outro tipo de actividades académicas.

Por un lado, o sistema de acreditación mediante clave concertada, facilitada e xestionada pola Universidade de Vigo, amparada polo artigo 6.1 c) do RXPDP no que o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal polo responsable do tratamento, lexitimada polo artigo 9 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por outro lado, mediante a exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte do alumnado en calquera momento da realización das probas de avaliación tanto presenciais coma virtuais, que poderá requirir o profesorado, amparada polo artigo 6.1 e) do RXPDP no que o tratamento é necesario en exercicio dos poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, lexitimado polo artigo 25.7 do RD 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario.

III.5.6 Destinatarios:

Os datos so serán cedidos nos casos previstos legalmente cando sexa necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento.

Os datos serán cedidos a outras administracións e organismos públicos para o exercicio das competencias que lles sexan propias e compatibles coas finalidades enunciadas.

III.5.7 Transferencias internacionais:

Non se prevén, excepto para a tramitación e xestión de programas internacionais de bolsas e axudas á mobilidade no seo dos convenios internacionais e nacionais dos diferentes programas.

III.5.8 Prazos de conservación:

Estes datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas finalidades para as que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivo e documentación.

III.5.9 Dereitos:

O alumnado da Universidade de Vigo ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderanse exercer mediante solicitude dirixida ao reitor e presentada electronicamente a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente empregando o procedemento específico SXER – Exercicio de dereitos sobre protección de datos – uvigo.gal) ou ben presencialmente ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo, ou en calquera dos rexistros e oficinas indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderase dirixir dita solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos: dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, se non é atendido o seu dereito, a persoa interesada pode presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

III.6 Secretaría virtual, número de identificación universitaria (NIU) e correo electrónico institucional

Para ter acceso á secretaría virtual dispórase dun NIU. Ao alumnado de novo ingreso xeraráselle automaticamente ao finalizar a matrícula. O enlace para recuperar os datos de acceso é:

Os documentos das universidades estranxeiras deben estar legalizados por vía diplomática nas embaixadas ou consulados de España. Os documentos cuñados coa apostila (Convención da Haya do 5 de outubro de 1961) non precisan outra legalización diplomática ou consular.

Todos os documentos deben entregarse coa correspondente tradución oficial ao galego ou ao castelán, que poderá ser realizada:

- Por calquera representación diplomática ou consular española no estranxeiro.
- Pola representación diplomática ou consular en España do país de que é cidadán o solicitante e, no seu caso, da procedencia do documento.
- Por un tradutor xurado debidamente autorizado e inscrito en España.

c) Outros estudos ou actividades profesionais

Certificación do órgano competente que acredite a realización/superación destes.

d) Participación en actividades universitarias, culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación.

Certificación do órgano competente que acredite a participación nestas de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente.

O modelo de solicitude e calquera outra información complementaria será facilitada nas unidades de atención ao alumnado, nos servizos administrativos dos centros, no Servizo de Posgrao da Reitoría e na web da Universidade.

Artigo terceiro. O número de créditos que poderá ser recoñecido a partir da experiencia profesional ou laboral e de estudos universitarios non oficiais, non superará o 15 por cento do total dos créditos que constitúan o plan de estudos, coas excepcións que se establecen no Real Decreto 822/2021, para o recoñecemento de títulos propios.

Este recoñecemento non incorporará cualificación polo que non computará a efectos de baremo do expediente.

Artigo cuarto. Consonte o establecido no Real Decreto 822/2021 non poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes a traballos fin de máster.

Artigo quinto. As áreas académicas de posgrao ás que estea adscrita a titulación serán as encargadas de tramitar as solicitudes e de asegurarse de que a documentación é, en principio, suficiente e reúne os requisitos formais necesarios. De non ser así, requiriráselle a mellora da solicitude, que terá dez días para emendar os defectos ou para presentar nova documentación. Este prazo de dez días poderá ser obxecto de ampliación por petición do interesado antes de que remate.

No caso de que non se cumpra o requirimento, ditarase resolución de arquivo do expediente asinada polo órgano que resolve o procedemento.

Artigo sexto. As solicitudes que reúnan os requisitos mínimos necesarios serán remitidas antes do 4 de novembro de 2026 para as do primeiro prazo, e antes do 10 de marzo de 2027 para as do segundo prazo, á comisión académica do máster, para que sexa emitido e enviado á área de apoio a centros e departamentos un informe técnico sobre as solicitudes antes do día 20 de novembro de 2026 para as solicitudes do primeiro prazo e antes do día 31 de marzo de 2027 para as do segundo prazo.

O informe terá carácter preceptivo, pero non vinculante, para decanas e decanos e directoras e directores que resolverán por delegación do reitor.

A comisión académica do máster da titulación poderá recadar, mediante petición razoada á alumna ou alumno, a documentación complementaria que estime oportuna.

Do mesmo xeito, poderán solicitar asesoramento dos/das especialistas que consideren necesarios ou pedir informes a outras administracións.

É preciso que os informes académicos sexan motivados con xustificación suficiente.

Nos casos de estudos interuniversitarios, a comisión académica do máster da titulación establecerá os mecanismos de coordinación necesarios co resto das universidades, e os informes conterán referencia expresa sobre o acordo alcanzado para o caso concreto.

Os informes servirán de precedentes para posteriores informes do mesmo órgano, sempre que se refira a casos idénticos ou a outros casos que así acorde a comisión académica do máster da titulación. Nestes casos as e os xefes de negociado de asuntos xerais manterán actualizados os listados das materias obxecto de recoñecemento por

este sistema para que as secretarías de alumnado eleven a proposta de resolución sen necesidade de informe técnico específico.

Artigo sétimo. As e os coordinadores do máster, encargaranse de facer chegar os informes aos decanatos ou ás direccións dos centros, así como de outras comunicacións necesarias entre a comisión e o resto de unidades e órganos universitarios.

Artigo oitavo. Á vista da documentación e dos informes, a decana ou decano ou a directora ou director, por delegación do reitor, ditará a correspondente resolución antes **do 4 de decembro de 2026 para as solicitudes do primeiro prazo**, e antes **do 23 de abril de 2027 para as do segundo prazo**, aínda no caso de que non fose emitido o informe.

CAPÍTULO II

Resolucións

Artigo noveno. Como consecuencia das resolucións de recoñecemento de créditos, os estudantes poderán modificar a matrícula na área académica de posgraao de adscrición no prazo de dez días dende a recepción da resolución.

Artigo décimo. A resolución deberá ser notificada aos/ás estudantes polos servizos administrativos do centro ao que estea adscrita a titulación para que regularice a súa situación no prazo de dez días, que se contarán dende o día seguinte ao da recepción. Transcorrido o mencionado prazo sen que as e os interesados regularizasen a súa situación, decaerán no seu dereito e ditarase resolución de arquivo do expediente asinada polo órgano que resolve o procedemento.

CAPÍTULO III

Prezos públicos

Artigo décimo primeiro. Os prezos correspondentes ao recoñecemento e transferencia de créditos serán os establecidos no Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2026/2027.

Os prezos públicos faranse efectivos nos centros en que a alumna ou o alumno vaia iniciar ou continuar os estudos, segundo o procedemento vixente en materia de pagamento de prazos por servizos académicos universitarios, no prazo máximo de dez días a partir da recepción da notificación da correspondente resolución.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira. O recoñecemento de créditos figurará nos expedientes do alumnado. No recoñecemento de créditos correspondentes a materias cursadas noutras universidades constará a cualificación obtida na materia obxecto de recoñecemento na universidade de procedencia, o número de créditos e o curso académico de recoñecemento ou acreditación.

A experiencia laboral ou profesional, así como as actividades universitarias constarán no expediente do/da alumno/alumna coa cualificación de APTO.

Segunda. A transferencia de créditos incluírase directamente pola área académica de posgrao de adscrición nos expedientes das e dos estudantes, despois de que solicite e presente os documentos oficiais acreditativos das ensinanzas seguidas por cada estudante da totalidade dos créditos obtidos por el nos ensinos oficiais cursados con anterioridade, na mesma ou noutra universidade, que non conduzan á obtención dun título oficial.

Terceira. Para o non regulado neste procedemento estarase ao disposto nas normas de xestión académica. A Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade ditará as instrucións oportunas para a posta en práctica do aquí disposto así como para a aclaración de calquera aspecto necesario.

ANEXO IX: CALENDARIO PARA PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

(Aprobado na reunión da Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento de 22 de xaneiro de 2026)

MATRÍCULA POR PRIMEIRA VEZ

| PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO REGULADOS POLO R.D. 99/2011 | | | |
|---|-------|---|-----------------------|
| MES | DÍAS | ACTIVIDADES | RESPONSABLE |
| Setembro 2025 | 1-8 | Período de preinscrición na SECRETARÍA VIRTUAL | Interesado/Interesada |
| Setembro 2025 | 21 | Listado provisional | Comisión Académica |
| Setembro 2025 | 22-24 | Período de reclamacións ante a Comisión Académica | Interesado/Interesada |
| Setembro 2025 | 30 | Listado definitivo | Comisión Académica |
| Outubro 2025 | 1-7 | Período de matrícula a través da SECRETARÍA VIRTUAL | Interesado/Interesada |

RENOVACIÓN DE MATRÍCULA

| PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO REGULADOS POLO R.D.99/2011 | | | |
|--|------------|--|------------------------------------|
| MES | DÍAS | ACTIVIDADES | RESPONSABLE |
| Xullo 2025 | 1-11 | Os/as coordinadores/as entregarán no centro de adscrición do programa a relación motivada de alumnos/as que propoñen para causar baixa definitiva no programa. | Comisión Académica/ Coordinador |
| Setembro-Outubro 2025 | 1/09-10/10 | Período de matrícula a través da SECRETARÍA VIRTUAL | Interesado/Interesada |

| PRAZO | PREINSCRICIÓN | LISTADO PROVISIONAL | RECLAMACIONES | LISTADO DEFINITIVO | CONFIRMACIÓN DE MATRÍCULA |
|---------------------|---------------|---------------------|---------------|--------------------|---------------------------|
| 2º cuatrimestre (*) | 28/01-03/02 | 15/02/2026 | 16-18/02/2026 | 23/02/2026 | 24-26/02/2026 |

(*) Só no caso de que a Comisión Académica do Programa de Doutoramento oferte a modalidade de tempo parcial, teña prazas vacantes e solicite autorización para este prazo á Comisión Permanente da EIDO, **antes do 26 de xaneiro de 2026**.

NOTA: Non deberán solicitar renovación de matrícula aqueles/aquelas alumnos/alumnas que depositen a súa tese antes do 10 de outubro de 2026, en virtude da convocatoria.

ANEXO X: Áreas de Posgrao de adscrición dos Programas de Doutoramento regulados polo RD 99/2011

| Campus | Centro | Denominación do título |
|--|--|---|
| <p>AREA ACADÉMICA DE ESTUDOS DE MÁSTER E DOUTORAMENTO DE OURENSE administraciónposgrao.ourense@uvigo.gal Edificio Xurídico-Empresarial Campus Universitario As Lagoas s/n 32004 Ourense</p> | E.S.E. INFORMÁTICA | -Programa de doutoramento en Sistemas software intelixentes e adaptables |
| | FACULDADE DE CIENCIAS | -Programa de doutoramento en Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria -Programa de doutoramento en Ecosistemas terrestres, usos sustentables e implicacións ambientais |
| | FACULDADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL | -Programa de doutoramento en Ciencias da educación e do comportamento -Programa de doutoramento en Ciencias sociais e envellecemento |
| | FACULDADE DE DEREITO | -Programa de doutoramento en Auga, sustentabilidade e desenvolvemento (Campus AUGA) |
| | FACULDADE DE CIENCIAS EMPRESARIAIS E TURISMO | -Programa de doutoramento en Turismo |
| <p>AREA ACADEMICA DE BELAS ARTES secfba@uvigo.gal Facultade de Belas Artes Maestranza, 2 36002 Pontevedra</p> | FACULDADE DE BELAS ARTES | -Programa de doutoramento en Creación e investigación en arte contemporánea |

| Campus | Centro | Denominación do título |
|--|---|--|
| AREA ACADÉMICA DE ESTUDOS DE MÁSTER E DOUTORAMENTO DE PONTEVEDRA xnposgraopo@uvigo.es xaposgraopo@uvigo.es Escola de Enxeñaría Forestal Campus Universitario de A Xunqueira s/n 36005 Pontevedra | FACULTADE DE CC. DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE | -Programa de doutoramento en Ciencias do deporte, educación física e actividade física saudable -Programa de doutoramento Equidade e innovación en educación -Programa de doutoramento en Educación, deporte e saúde |
| | FACULTADE DE FISIOTERAPIA | -Programa de doutoramento en Investigación Sanitaria |
| | ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL | -Programa de doutoramento en Creatividade e innovación social e sustentable (Campus CREA) |
| AREA ACADÉMICA DE ESTUDOS DE MÁSTER E DOUTORAMENTO DO ÁMBITO TECNOLÓXICO DE VIGO eei.doutoramento@uvigo.es Escola de Enxeñaría Industrial Campus Universitario de Vigo s/n 36310 Vigo | E.E. INDUSTRIAL | -Programa de doutoramento en Enxeñaría química -Programa de doutoramento en Investigación en tecnoloxías e procesos avanzados na industria -Programa de doutoramento interuniversitario en Eficiencia enerxética e sustentabilidade en enxeñaría e arquitectura |
| AREA ACADÉMICA DE ESTUDOS DE MÁSTER E DOUTORAMENTO DO ÁMBITO TECNOLÓXICO DE VIGO teleco.minas.posgrao@uvigo.es Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía Campus Universitario de Vigo s/n 36310 Vigo | E.E.MINAS | -Programa de doutoramento en Láser, fotónica e visión -Programa de doutoramento en Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria -Programa de doutoramento en Protección do patrimonio cultural |
| | E.E. TELECOMUNICACIÓN | -Programa de doutoramento en Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas -Programa de doutoramento en Tecnoloxía aeroespacial: enxeñarías electromagnética, electrónica, informática e mecánica -Programa de doutoramento en Tecnoloxías da información e as comunicacións -Programa de doutoramento en Matemáticas e aplicacións |

| Campus | Centro | Denominación do título |
|--|---|--|
| AREA ACADÉMICA DE ESTUDOS DE MÁSTER E DOUTORAMENTO DO ÁMBITO CIENTÍFICO DE VIGO areaposgraoc@uvigo.es negociadoposgraoc@uvigo.es Edificio de Ciencias Experimentais Campus Universitario de Vigo s/n 36310 Vigo | FACULDADE DE BIOLOXÍA | -Programa de doutoramento en Endocrinoloxía -Programa de doutoramento en Metodoloxía e aplicacións en ciencias da vida -Programa de doutoramento en Neurociencia e psicoloxía clínica -Programa de doutoramento en Biotecnoloxía avanzada |
| | FACULDADE DE CC. DO MAR | -Programa de doutoramento en Física aplicada -Programa de doutoramento en Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión (Campus do Mar) |
| | FACULDADE DE QUÍMICA | -Programa de doutoramento en Nanociencia e biomedicina -Programa de doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía química -Programa de doutoramento en Química teórica e modelización computacional/Theoretical chemistry and computational modelling |
| AREA ACADÉMICA DE ESTUDOS DE MÁSTER E DOUTORAMENTO DO ÁMBITO XURÍDICO-SOCIAL E DE HUMANIDADES DE VIGO posgraosh1@uvigo.es posgraosh4@uvigo.es Facultade de Filoloxía e Tradución Campus Universitario de Vigo s/n 36310 Vigo | FACULDADE DE CC. ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS. | -Programa de doutoramento en Análise económica e estratexia empresarial -Programa de doutoramento en Estatística e investigación operativa |
| | FACULDADE DE CC. XURÍDICAS E DO TRABALLO | -Programa de doutoramento en Ordenación xurídica do mercado -Programa de doutoramento en Xestión e resolución de conflitos. menores, familia e xustiza terapéutica |
| | FACULDADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN | -Programa de doutoramento en Comunicación -Programa de doutoramento en Estudos lingüísticos -Programa de doutoramento en Estudos literarios -Programa de doutoramento en Tradución e paratradución -Programa de doutoramento interuniversitario en Estudos ingleses avanzados: lingüística, literatura e cultura |

ANEXO XI: Características específicas dos programas de doutoramento ofertados no curso 2026/2027

O Anexo XI, coas características específicas dos programas de doutoramento ofertados no curso 2026/2027, pódese atopar directamente publicado na web **uvigo.gal**, no apartado *“Convocatoria de matrícula 2026/2027 - Matrícula en doutoramentos”*.

ANEXO XII: PROCEDIMIENTO PARA O ESTABLECIMENTO DE COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN EN PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

PRIMEIRO: Establécese un prazo entre o **1 e o 8 de setembro de 2026** para que aqueles programas de doutoramento que requiran a incorporación no seu plan de estudos de complementos de formación que constitúen materias de plans de estudo dun máster da Universidade de Vigo, soliciten ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao dita inclusión, de forma motivada e con indicación do número de alumnado por materia. Cada programa terá que presentar unha solicitude no formulario TC-47 por cada máster que oferte posibles complementos de formación.

SEGUNDO: Entre o 11 e o 16 de setembro o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao ordenará as solicitudes recibidas notificándoas aos másteres afectados.

TERCEIRO: Entre o 17 e o 23 de setembro as Comisións Académicas dos másteres poderán emitir informe sobre a posibilidade de que as materias solicitadas como complementos de formación, poidan aceptar ao alumnado proposto. No caso de que o informe sexa negativo, este deberá de motivarse.

CUARTO: A Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento valorará e aprobará, no seu caso, as solicitudes de complementos de formación realizadas polos programas de doutoramento, tendo en conta os informes achegados polas Comisións Académicas dos másteres afectados.

QUINTO: No caso de que exista vinculación entre o programa de doutoramento e o máster do que se pretenden utilizar materias como complementos de formación, todo o procedemento pode reducirse ao establecido no apartado primeiro desta resolución, incluíndo xa no formulario TC-47 o visto e prace da Comisión Académica do Máster para a utilización desas materias, no cadro específico ao efecto, en cor gris.

SEXTO: En base ao disposto pola normativa vixente, os e as estudantes que realicen materias de máster como complementos de formación dun programa de doutoramento non poderán contabilizarse como estudantes de máster, aos efectos de acadar o número mínimo de estudantes de novo ingreso marcado pola normativa autonómica.

SÉTIMO: Para calquera aclaración ou interpretación desta normativa estarase ao disposto pola Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, e de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderán, previamente, interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, tamén a contar dende o día seguinte á súa publicación, perante este órgano.

ANEXO XIII: PROCEDIMIENTO PARA A TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES DE RECOÑECIMIENTO, NUN PROGRAMA DE DOUTORAMENTO, DE ACTIVIDADES REALIZADAS AO ABEIRO DE REGULACIÓN ANTERIORES AO RD 99/2011

PRIMEIRA: O artigo 21 do Regulamento de Estudos de Doutoramento (RED) establece que os cursos, seminarios, estadías e traballos de investigación realizados na etapa de tese e que non formaran parte formativa de programas do Real Decreto 778/1998, do Real Decreto 56/2005 ou do Real Decreto 1393/2007, ou a realización doutros levados a cabo en programas de doutoramento dunha universidade española ou estranxeira, poderán ser recoñecidos polos equivalentes dun programa de doutoramento. O alumnado que cambie dun programa de doutoramento regulado polo Real decreto 99/2011 a outro programa da mesma regulación poderá solicitar o recoñecemento das actividades realizadas no programa previamente cursado.

SEGUNDA: O alumnado poderá solicitar o recoñecemento destas actividades **entre o 3 e o 11 de novembro de 2026, ou entre o 3 e o 14 de maio de 2027**. Deberá presentar a solicitude a través da súa Secretaría Virtual, xunto coa documentación xustificativa da realización de ditas actividades, que deberá entregar na área de posgrao onde estea adscrito o programa de doutoramento. Debe indicar no apartado Efecto "Recoñecemento". A Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) poderá requirir un certificado expreso de que ditas actividades non constitúen parte do período formativo dos programas de doutoramento de orixe.

TERCEIRA: Previa comprobación da documentación polas áreas académicas de posgrao de adscrición administrativa dos programas de doutoramento, a CAPD emitirá un informe sobre a procedencia de recoñecer ou non ditas actividades e o trasladará á dirección da Escola Internacional de Doutoramento para que emita a correspondente resolución. Dita resolución será emitida antes do 4 de decembro, para o prazo de novembro, e antes do 4 de xuño, para o prazo de maio de 2027.

CUARTA: A resolución de recoñecemento será comunicada polo Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, tanto ao solicitante como á área académica de posgrao, que incorporará o recoñecemento ao expediente do alumnado e procederá ao seu arquivo.

ANEXO XIV: PROCEDIMIENTO PARA ADMISIÓN EN ESTUDOS DE POSGRAO DE ESTUDANTES CON ESTUDOS ESTRANXEIROS PARA O CURSO 2027/2028

Obxecto:

A necesidade de obter un documento de admisión nun máster, ou programa de doutoramento, para solicitar determinados tipos de bolsa e a, en ocasións, longa tramitación requirida para a obtención dun visado por parte de estudantes estranxeiros/estranxeiras que queren acceder á nosa Universidade aconsellan adiantar o proceso de admisión deste alumnado, mentres non se fai pública a convocatoria de matrícula para o curso 2027/2028.

A través desta convocatoria adóptanse medidas neste sentido co obxectivo de facilitar o acceso de estudantes estranxeiros/estranxeiras aos nosos másteres e programas de doutoramento.

Número de prazas:

Cada máster, ou programa de doutoramento, poderá adiantar a admisión de ata 5 alumnos/alumnas estranxeiros/estranxeiras.

Prazo de solicitudes:

Ata o 20 de xuño de 2027.

Requisitos de acceso:

Os/As aspirantes con titulación estranxeira poderán acceder aos estudos de posgrao se cumpren algún dos seguintes requisitos:

1. Estar en posesión dun título expedido por un sistema universitario estranxeiro e que estea homologado a un título español que habilite para o acceso aos estudos de posgrao.
2. Posuír un título expedido por un sistema universitario estranxeiro e sen homologación, coa comprobación previa de que o título expedido polo sistema universitario estranxeiro acredita un nivel de formación equivalente ao correspondente título español de grao (para acceso a máster) ou de máster universitario (para acceso a doutoramento) e que faculta no país expedidor do título para o acceso aos estudos de posgrao. No caso de que os aspirantes presenten un título dun país alleo ao Espazo Europeo de Educación Superior (en adiante, EEES) deberán presentar a correspondente solicitude de equivalencia de título. A solicitude de admisión deberá ser aprobada por resolución reitoral, despois de informe motivado favorable da solicitude de equivalencia de título, polo órgano ou unidade administrativa establecida na normativa propia da Universidade de Vigo nesta materia.

Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título estranxeiro do/da interesado/interesada, nin o seu recoñecemento a outros efectos que o de cursar os estudos de posgrao na Universidade de Vigo.

A resolución que desestime a equivalencia dos estudos estranxeiros cursados a efectos do ingreso nos estudos de posgrao, implicará a anulación de cantos actos se deriven da matrícula.

Documentación:

O alumnado enviará en formato electrónico á área académica de posgrao de adscrición do máster, ou programa de doutoramento, a seguinte documentación:

- a) Solicitude de equivalencia do título (PG-01), debidamente cumprimentada, para titulacións de países de fóra do EEES.
- b) Copia do Documento de Identidade do país de orixe ou Pasaporte
- c) Copia do título universitario estranxeiro
- d) Certificación académica dos estudos universitarios cursados conducentes ao título presentado, con mención específica sobre o acceso con dito título, no país de orixe, a estudos de posgrao.
- e) Plan de estudos
- f) No caso de que a Comisión Académica así o determine poderá solicitarse tamén o programa das diferentes materias aos efectos de comprobar os seus contidos e carga lectiva.

O alumnado que posúa certificación académica nun idioma distinto do galego ou castelán, deberá acompañala da correspondente tradución xurada. Neses casos a certificación indicará, así mesmo, as cualificacións máxima e mínima do sistema de avaliación correspondente e farase constar cal é a cualificación mínima para aprobar.

Antes do 31 de outubro do curso en que a matrícula sexa formalizada, e no caso dos/das alumnos/alumnas con titulacións de países alleos ao EEES, os documentos c) e d) deben estar legalizados por vía diplomática nas embaixadas ou consulados de España; os documentos selados coa Apostilla de La Haya non precisan outra legalización diplomática ou consular.

Procedemento:

A Área Académica de adscrición dos estudos emitirá un informe segundo o modelo do Anexo II sobre o cumprimento dos requisitos de acceso. Se fose necesario, poderá solicitar, por correo electrónico, soporte para a elaboración do informe ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao..

Despois a área académica de posgrao de adscrición trasladará a solicitude, e a súa documentación, en formato electrónico, á Comisión Académica do máster, ou do programa de doutoramento, para que emita informe sobre os requisitos de admisión, segundo o modelo de Anexo III, trasladándoo de novo á secretaría do centro.

Finalmente, a área académica de posgrao enviará por correo electrónico ao enderezo do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, posgrao@uvigo.es, en formato electrónico, as copias da solicitude, do título de acceso, do informe de acceso e do informe de admisión.

O Xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, por delegación do Secretario Xeral, emitirá ao solicitante, se procede, carta de admisión, coa que poderá realizar as xestións necesarias en canto a bolsas, e tamén en canto a visados, conforme ao establecido no novo regulamento da Lei de Estranxeiría (Real Decreto 557/2011, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma por Lei Orgánica 2/2009, publicado no Boletín Oficial do Estado do 30 de abril de 2011).

Aqueles másteres, ou programas de doutoramento, que sen prexuízo do establecido no apartado “Confirmación de matrícula” desta resolución, desexen

realizar unha admisión definitiva dos/das seus/súas estudantes estranxeiros/estranxeiras deberán enviar ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao un informe que inclúa a solicitude de incorporación desas prazas na cota específica para estranxeiros/estranxeiras, así como unha breve referencia aos motivos polos que eses estudos poderán impartirse no curso 2027/2028. O alumnado estranxeiro obterá así unha carta de admisión definitiva neses estudos.

O alumnado deberá realizar a preinscrición e a matrícula nos prazos que, con carácter xeral, se determinen na correspondente convocatoria de matrícula.

A área académica de posgrao tramitará, unha vez realizada a matrícula, a solicitude de equivalencia de título de acordo co procedemento que se determine no curso 2027/2028.

Confirmación de matrícula:

A implantación dos estudos de máster universitario está condicionada á confirmación da autorización por parte do Consello de Universidades e da Xunta de Galicia, así como a alcanzar o número mínimo establecido de alumnos/alumnas matriculados/matriculadas, para cada tipo de máster. Se se compren estas condicións, a matrícula se confirmará sempre que houbera menos solicitantes que prazas se estableceran para cada cota, ou habendo máis solicitudes, cando o expediente do/da alumno/alumna ocupe un posto igual ou inferior ao número de prazas convocadas. Ao alumnado ao que a súa matrícula non lle poida ser confirmada por estes motivos terá dereito á devolución dos prezos públicos correspondentes que realmente houbera aboados.

ANEXO XV: PROCEDIMIENTO PARA A TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES DE PRÓRROGA DO TEMPO MÁXIMO PARA A PRESENTACIÓN DA TESE DE DOUTORAMENTO, NO CURSO 2026/2027

Establécese o seguinte procedemento para a tramitación de solicitudes de prórroga do tempo máximo para a presentación da tese de doutoramento, no curso 2026/2027:

PRIMEIRA: O artigo 27 do Regulamento de Estudos de Doutoramento (RED) establece a posibilidade de que o alumnado de estudos de doutoramento poida solicitar unha prórroga do tempo máximo establecido para a presentación da súa tese de doutoramento.

SEGUNDA: Dita prórroga será dun ano tanto para alumnado na modalidade de tempo completo como na modalidade de tempo parcial. Cando nun mesmo programa de doutoramento o/a doutorando/a utilizase ambas modalidades de matrícula computarase para todos os efectos a duración dos estudos de doutoramento en termos de estudos a tempo completo, e considerarase que un ano de matrícula a tempo parcial equivale a 0,571 anos de matrícula a tempo completo.

TERCEIRA: O alumnado que ten a súa data límite de presentación da tese entre o 1 de abril de 2027 e o 15 de maio de 2028 (pódese atopar esta información na Secretaría Virtual), poderá solicitar a prórroga **entre o 2 e o 13 de novembro de 2026** ou **entre o 5 e o 16 de abril de 2027**, cando non estea en disposición de presentar a súa solicitude de depósito da tese de doutoramento dentro dos prazos máximos establecidos. Deberá presentar a solicitude a través do formulario que poderá atopar na Secretaría Virtual do Alumnado. A solicitude terá que ser motivada.

CUARTA: O perfil autorizado (Director/Titor) informará a solicitude, tamén de forma motivada, **antes do 4 de decembro de 2026**, para o primeiro prazo, ou **antes do 7 de maio de 2027**, para o segundo prazo, a través da Secretaría Virtual do PDI.

QUINTA: A Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) autorizará ou non a solicitude, de forma motivada, **antes do 18 de decembro de 2026**, para o primeiro prazo, ou **antes do 21 de maio de 2027**, para o segundo. Trasladarase unha copia da resolución á secretaria do centro de adscrición para a modificación do expediente do/a alumno/a no programa informático.

**ANEXO XVI: CERTIFICADOS DE ESPAÑOL ADMITIDOS PARA O
ACCESO A MÁSTERES UNIVERSITARIOS NA UNIVERSIDADE DE
VIGO**

| CERTIFICACIÓN B1 DE ESPAÑOL | ORGANISMO CERTIFICADOR |
|--|---|
| DELE B1 | Instituto Cervantes |
| SIELE | Instituto Cervantes, UNAM, USAL, UBA |
| CertACLES B1 | Asociación de Centros de Lenguas (España) |
| telc Español B1 | telc GmbH (Alemania) |
| CELU | Consortio ELSE (Argentina) |
| Escuela Oficial de Idiomas (R.D. 1041/2017, de 22 de decembro) | Consellería de educación da Comunidade Autónoma |
| Certificado homologado UNlcert B1 | Universidade de Salamanca |
| CELA (Certificado de lingua adicional) | UAM (México) |
| Examen CdL Uvigo | Centros de Linguas da Universidade de Vigo |

ÍNDICE

| | |
|--|----------|
| CAPÍTULO I: Matrícula en Másteres Universitarios..... | 1 |
| I.1 Alumnado de novo ingreso | 1 |
| I.1.1 Requisitos de acceso | 1 |
| I.1.2 Requisitos de admisión | 2 |
| I.1.2.1 Admisión | 2 |
| I.1.3 Preinscripción | 3 |
| I.1.3.1 Procedemento..... | 3 |
| I.1.3.2 Documentación | 4 |
| I.1.3.3 Alumnado estranxeiro | 5 |
| I.1.3.4 Cota de alumnado con discapacidade | 6 |
| I.1.4 Matrícula..... | 7 |
| I.1.4.1 Condicións xerais..... | 7 |
| I.1.4.2 Alumnas e alumnos de Programas Interuniversitarios | 7 |
| I.1.4.3 Confirmación de Matrícula | 7 |
| I.1.4.4 Procedemento de adxudicación de prazas | 8 |
| I.1.5 Alumnas e alumnos estranxeiros de programas de intercambio..... | 10 |
| I.2 Formalización da matrícula de continuación de estudos..... | 10 |
| I.2.1 Convocatorias adiantadas | 10 |
| I.2.1.1 Requisitos. | 11 |
| I.2.1.2 Procedemento:..... | 11 |
| I.2.1.3 Cómputo de convocatorias..... | 11 |
| I.2.1.4 Calendario..... | 11 |
| I.3 Formalización de matrícula no segundo cuadrimestre..... | 12 |
| I.3.1 Inicio de estudos | 12 |
| I.3.2 Matrícula de continuación de estudos..... | 12 |
| I.4 Formalización de matrícula condicionada á obtención da titulación de grao..... | 12 |
| I.4.1 Obxecto e ámbito de aplicación..... | 12 |
| I.4.2 Requisitos dos e das solicitantes..... | 13 |
| I.4.3 Resolución das persoas admitidas | 13 |
| I.4.4 Efectos da matrícula condicionada | 14 |
| I.5 Tipos de matrícula e condicións xerais | 14 |
| I.5.1 Matrícula a tempo completo | 14 |
| I.5.2 Matrícula a tempo parcial | 14 |
| I.5.2.1 Definición: | 14 |
| I.5.2.2 Formalización da matrícula en réxime de tempo parcial | 15 |
| I.5.2.3 Caso excepcional de alumnado que precisa completar 300 créditos para acceso a estudos de Doutoramento..... | 15 |
| I.6 Cómputo de convocatorias e réxime de permanencia | 16 |
| I.7 Modificación, anulación de matrícula e matrículas fóra de prazo..... | 16 |
| I.7.1 Prazo | 16 |
| I.7.2 Modificación da matrícula:..... | 16 |
| I.7.2.1 Solicitudes de modificación de matrícula | 16 |
| I.7.2.2 Resolucións de modificacións de matrícula fóra dos prazos establecidos no anexo I | 17 |
| I.7.3 Anulación parcial ou total da matrícula:..... | 17 |
| I.7.3.1 Anulación parcial..... | 17 |

| | | |
|---------------------|---|-----------|
| I.7.3.2 | Anulación total..... | 17 |
| I.7.3.3 | Impedimentos para a concesión de anulación de matrícula..... | 18 |
| I.7.4 | Solicitudes de matrícula fóra de prazo..... | 19 |
| CAPÍTULO II: | Matrícula nos estudos conducentes ao título de Doutora | |
| | ou Doutor pola Universidade de Vigo | 20 |
| II.1 | Alumnado de novo ingreso | 20 |
| II.1.1 | Requisitos Xerais de Acceso a Programas de Doutoramento regulados polo RD 99/2011 (matrícula por primeira vez) | 20 |
| II.1.1.1 | Con carácter xeral, para o acceso a un programa oficial de doutoramento será necesario estar en posesión dos títulos oficiais españois de Grao, ou equivalente, e de Máster Universitario, ou equivalente, sempre que se superasen, polo menos, 300 ECTS no conxunto destas dúas ensinanzas. | 20 |
| II.1.1.2 | Así mesmo poderán acceder quen se atope nalgún dos seguintes supostos: ... | 20 |
| II.1.2 | Requisitos de Admisión..... | 22 |
| II.1.2.1 | Admisión en Programas de Doutoramento regulamentados polo RD 99/2011 .. | 22 |
| II.1.2.2 | Procedemento de admisión..... | 23 |
| II.1.3 | Preinscrición | 23 |
| II.1.3.1 | Cota para alumnado con discapacidade | 23 |
| II.1.4 | Formalización da matrícula | 24 |
| II.1.4.1 | Matrícula fóra de prazo | 25 |
| II.1.4.2 | Revisión de matrícula..... | 26 |
| II.1.4.3 | Procedemento de formalización de matrícula | 26 |
| II.1.4.4 | Matrícula a tempo parcial | 26 |
| II.1.5 | Estudantes estranxeiros..... | 27 |
| II.1.5.1 | Cota para alumnado estranxeiro | 27 |
| II.1.5.2 | Alumnado con titulacións pre-EEES | 27 |
| II.1.5.3 | Estudantes estranxeiros/estranxeiras | 27 |
| II.2 | Formalización de matrícula de continuación de estudos..... | 28 |
| II.3 | Formalización de matrícula no segundo cuadrimestre | 28 |
| II.3.1 | Matrícula no segundo cuadrimestre..... | 28 |
| II.4 | Cambios, desestamentos e modificacións | 28 |
| II.4.1 | Anulación de matrícula..... | 29 |
| II.5 | Outras cuestións para matricularse en estudos de doutoramento | 29 |
| II.5.1 | Asignación de director/directora da tese..... | 29 |
| II.5.2 | Formación cuberta pola matrícula en doutoramento | 29 |
| II.5.3 | Baixas temporais..... | 29 |
| II.5.4 | Data de efectos da matrícula..... | 29 |
| II.5.5 | Procedemento para a tramitación de solicitudes de recoñecemento de actividades realizadas ao abeiro de resolucións anteriores ao RD 99/2011, ou outras universidades. | 30 |
| II.5.6 | Solicitud de prórroga..... | 30 |
| II.5.7 | Matrícula nas actividades formativas propias dos programas de doutoramento | 30 |
| CAPÍTULO III | Normas comúns á matrícula en estudos de posgrao | 31 |
| III.1 | Estados e efectos da matrícula:..... | 31 |
| III.1.1 | Estados da matrícula | 31 |
| III.2 | Presentación de solicitudes e documentación en materia de xestión académica para estudos de posgrao | 31 |
| III.2.1 | Preinscrición e matrícula | 31 |

| | |
|---|----|
| A preinscripción e a matrícula deberán realizarse polos medios electrónicos dispostos pola Universidade de Vigo na Secretaría Virtual : | 31 |
| III.2.2 Solicitudes e trámites en materia de xestión académica | 32 |
| III.3 Dereitos e deberes | 33 |
| III.4 Incompatibilidades académicas e horarias | 33 |
| III.4.1 Simultaneidade de estudos | 34 |
| III.5 Tratamento de datos persoais | 34 |
| III.5.1 Responsable do tratamento: | 34 |
| III.5.2 Finalidades: | 34 |
| III.5.3 Lexitimación: | 35 |
| III.5.4 Lexitimación para determinados tratamentos: | 35 |
| III.5.4.1 Para realizar probas de avaliación virtuais | 35 |
| III.5.4.2 Para a realización de clases virtuais | 35 |
| III.5.5 Acreditación da identidade do alumnado: | 36 |
| III.5.6 Destinatarios: | 36 |
| III.5.7 Transferencias internacionais: | 36 |
| III.5.8 Prazos de conservación: | 36 |
| III.5.9 Dereitos: | 37 |
| III.6 Secretaría virtual, número de identificación universitaria (NIU) e correo electrónico institucional | 37 |
| III.7 Prezos públicos de matrícula | 38 |
| III.8 Resolucións das reclamacións e recursos | 38 |
| III.9 Normas finais | 38 |
| III.10 Entrada en vigor: | 38 |
| RELACIÓN DE ANEXOS | 40 |
| ANEXO I: CALENDARIO PARA MÁSTERES | 41 |
| ANEXO II: RELACIÓN DE MESTRADOS POR ÁREA DE ADSCRICIÓN | 42 |
| ANEXO III: CARACTERÍSTICAS DOS MÁSTERES OFERTADOS NO CURSO 2026/2027 | 43 |
| ANEXO IV: SOLICITUDE DE MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL | 50 |
| ANEXO V: SOLICITUDE DE ADIANTO DE CONVOCATORIA DO 2º CUADRIMESTRE | 52 |
| ANEXO VI: SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DE EQUIVALENCIA DE TÍTULO ESTRANXEIRO/SOLICITUDE DE CARTA DE ADMISIÓN | 54 |
| ANEXO VII: ESPECIALIDADES E ITINERARIOS NO MÁSTER UNIVERSITARIO EN FORMACIÓN DO PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINO DE IDIOMAS | 56 |
| ANEXO VIII: PROCEDEMENTO DE TRANSFERENCIA E RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS PARA MÁSTERES UNIVERSITARIOS OFICIAIS | 57 |
| ANEXO IX: CALENDARIO PARA PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO | 61 |
| ANEXO X: RELACIÓN DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO | 59 |
| ANEXO XI: CARACTERÍSTICAS DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO | 62 |
| ANEXO XII: PROCEDEMENTO PARA O ESTABLECEMENTO DE COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN EN PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO | 63 |
| ANEXO XIII: PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES DE RECOÑECEMENTO, NUN PROGRAMA DE DOUTORAMENTO, DE ACTIVIDADES REALIZADAS AO ABEIRO DE REGULACIÓNS ANTERIORES AO RD 99/2011 | 64 |
| ANEXO XIV: PROCEDEMENTO PARA ADMISIÓN EN ESTUDOS DE POSGRAO DE ESTUDANTES CON ESTUDOS ESTRANXEIROS PARA O CURSO 2027/2028 | 65 |

| | |
|--|----|
| ANEXO XV: PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES DE PRÓRROGA DO TEMPO MÁXIMO PARA A PRESENTACIÓN DA TESE DE DOUTORAMENTO, NO CURSO 2026/2027 | 68 |
| ÍNDICE | 70 |